

xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Único.-Engadir a entidade financeira *Caja Rural de Zamora, Cooperativa de Crédito* á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, asinado o 4 de novembro de 2008.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Resolución do 5 de febreiro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras dos incentivos económicos e as bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica, adaptándoas ao Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías, e se procede á convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, de determinadas liñas de axuda previstas nestas bases.

Mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 publicouse a nova redacción das bases reguladoras dos incentivos económicos e das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2008).

As ditas bases prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Por outra banda, o Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de

exención por categorías), establece unha serie de requisitos que resultan de aplicación a determinadas liñas de axuda reguladas nestas bases e que se deben incorporar ao procedemento para a súa correcta xestión.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Modifícanse as bases reguladoras dos incentivos económicos e as bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo), adaptándoas ao Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) e publícanse novamente con esta resolución.

Segundo.-Convócanse en réxime de concorrencia competitiva as seguintes liñas de axuda da base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial, cuxo prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e pecharase aos 45 días naturais; no caso de coincidir o inicio ou o remate do prazo en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo trasladarase ao día hábil seguinte:

1. Proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das Pemes entre 100.000 e 500.000 € de investimento subvencionable (Procedemento IG103-artigo 5.3).

2. Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión de procesos soporte, e cadros de mando cun gasto subvencionable entre 30.000 € e 200.000 €, dedicados á innovación na xestión da empresa no seu conxunto ou nalgún dos seus procesos secundarios, por medio de consultoría de proceso e implantación de ferramentas informáticas de xestión (Procedemento IG104-artigo 5.4).

Os créditos dispoñibles para concesións aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e coa seguinte distribución plurianual:

Partida orzamentaria	Procedemento	Orzamento 2009	Anualidade 2010
02.02-E2/10/03-656	Proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das Pemes (IG103-artigo 5.3)	2.000.000 €	3.500.000 €
02.02-E4/10/01-656	Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión de procesos soporte, e cadros de mando (IG104-artigo 5.4)	1.000.000 €	2.500.000 €

Terceiro.-Convócanse en réxime de concorrencia competitiva as seguintes liñas de axuda da base reguladora das axudas a proxectos de consultoría e asistencia técnica nas Pemes, cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte, e pecharase na data que se indica para cada liña:

1. Axudas a proxectos de estudos, asistencia técnica e preparación de proxectos (Procedemento IG108-artigo 4).

Partida orzamentaria	Procedemento	Orzamento 2009	Anualidade 2010	Data de remate convocatoria
02.02-E4/10/03-651	Axudas a proxectos de estudos, asistencia técnica e preparación de proxectos (IG108-artigo 4)	200.000 €	—	30-4-2009
02.02-E4/10/02-656	Proxectos de deseño (IG109-artigo 5)	500.000 €	—	30-4-2009
02.02-E1/10/02-651	Programas de formación empresarial de directivos, mandos intermedios ou equipos técnicos (IG148-artigo 6)	150.000 €	—	30-4-2009
02.02-E4/10/01-656	Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto (IG113-artigo 7)	100.000 €	400.000	30-4-2009

Cuarto.-Convócanse en réxime de concorrencia competitiva as seguintes liñas de axuda da base reguladora de apoios a proxectos colaborativos de carácter empresarial, cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte, e pecharase na data que se indica para cada liña:

1. Axudas a iniciativas de difusión (Procedemento IG114-artigo 4).

2. Proxectos de servizos mancomunados (Procedemento IG115-artigo 5).

3. Proxectos de *benchmarking* empresarial (Procedemento IG116-artigo 6.1.1.).

4. Proxectos de cualificación profesional (Procedemento IG117-artigo 6.1.2.).

5. Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a xeración de proxectos de innovación cooperativos (Procedemento IG118-artigo 6.1.3).

2. Proxectos de deseño (Procedemento IG109-artigo 5).

3. Programas de formación empresarial de directivos, mandos intermedios ou equipos técnicos (Procedemento IG148-artigo 6).

4. Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto (Procedemento IG113-artigo 7).

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria das liñas anteriores aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes:

6. Elaboración de plans estratéxicos, de innovación e competitividade, ou de internacionalización, cooperativos (Procedemento IG119-artigo 7.1.1.).

7. Preparación de proxectos de innovación para concorrer a convocatorias públicas estatais ou europeas (Procedemento IG121-artigo 7.1.2.).

8. Posta en marcha e implantación de plans cooperativos previamente consensuados (Procedemento IG122-artigo 7.1.3.).

As iniciativas de difusión previstas no procedemento IG114 deberán ter lugar no primeiro semestre do ano 2009, isto é, entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 30 de xuño de 2009.

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria das liñas anteriores aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes:

Partida orzamentaria	Procedemento	Orzamento 2009	Data de remate convocatoria
02.02-E4/10/02-651	Axudas a iniciativas de difusión (Procedemento IG114-artigo 4)	610.000 €	30-3-2009
02.02-E4/10/02-656	Proxectos de servizos mancomunados (IG115-artigo 5)	500.000 €	30-3-2009
02.02-E4/10/02-656	Proxectos de <i>benchmarking</i> empresarial (IG116-artigo 6.1.1.)	300.000 €	30-4-2009
02.02-E1/10/02-651	Proxectos de cualificación profesional (IG117-artigo 6.1.2.)	700.000 €	30-4-2009
02.02-E1/10/02-651	Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a xeración de proxectos de innovación cooperativos (IG118-artigo 6.1.3)	300.000 €	30-4-2009
02.02-E5/10/05-656	Elaboración de plans estratéxicos, de innovación e competitividade, ou de internacionalización, cooperativos (IG119-artigo 7.1.1.)	200.000 €	30-3-2009
02.02-E5/10/05-656	Preparación de proxectos de innovación para concorrer a convocatorias públicas estatais ou europeas (IG121-artigo 7.1.2.)	100.000 €	30-6-2009
02.02-E5/10/05-656	Posta en marcha e implantación de plans cooperativos previamente consensuados (IG122-artigo 7.1.3.).	2.800.000 €	30-3-2009

Quinto.-Para todos os créditos especificados nesta convocatoria resérvase un 10% para proxectos localizados nos municipios da Costa da Morte, e outro 10% para proxectos localizados na comarca de Valdeorras, que figuran nos anexos IV e V, respectivamente, das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape. Así mesmo, para os proxectos localizados nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, que figuran no anexo III das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, resérvase outro 10% deles. No caso de que os proxectos aprobados non esgoten os créditos reservados, o remanente aplicarase aos restantes proxectos.

Sexto.-Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá redistribuír entre elas os créditos aprobados, os cales tamén poderán ser ampliados e as partidas orzamentarias modificadas mediante resolución publicada para o efecto.

Sétimo.-Os requisitos das letras c), e) e l) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os requisitos das letras f), h), i), j), k), m) e n) do citado artigo, indícanse respectivamente nas bases reguladoras dos incentivos económicos e nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape publicadas con esta resolución.

Oitavo.-A instancia de solicitude e o resto de anexos son os que se publican con esta resolución.

Noveno.-Aos expedientes tramitados en réxime de concorrencia non competitiva ao abeiro das bases establecidas na Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo), que se achen pendentes de resolución no momento de publicación desta modificación, seralles de aplicación esta modificación.

Décimo.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape

O marco estratéxico previsto para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma galega para os vindeiros anos (Mecega) inclúe nas súas propostas:

-O impulso e dinamización da economía facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar.

-O incremento da competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación.

-O aumento da cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social.

-O reforzo da relación entre crecemento e desenvolvemento sustentable.

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, está chamado a desempeñar un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan de xeito salientable a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade galega.

En consecuencia, coa finalidade principal de incrementar, manter e dinamizar a actividade económica na comunidade autónoma, favorecer o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e lograr o incremento do emprego, a través do desenvolvemento e mellora da competitividade das empresas existentes, así como coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais, o Igape publicou no mes de marzo de 2007 un sistema de incentivos á actividade empresarial en Galicia, incidindo nos distintos eixes que considera estratéxicos, para a cobertura enfocada dos procesos de creación de empresas, dos procesos de consolidación e mellora continua de empresas existentes, especialmente das Pemes, así como para prestar atención específica a proxectos de maior esforzo investidor con creación de emprego estable, procurando tamén incidir na concienciación das Pemes sobre aspectos ligados ao coñecemento e ás necesidades nos distintos eidos de actuación que deben contribuír a un futuro mellor e máis sólido do tecido empresarial.

Xunto cos incentivos á dinamización empresarial, creación de emprego estable, riqueza e coñecemento dirixidos ás empresas individualmente, cómpre facer un esforzo específico en prol da colaboración e cooperación interempresarial incentivando proxectos e iniciativas promovidas e coordinadas por organismos intermedios de carácter empresarial e, especialmente, aquelas levadas a cabo por agrupacións empresariais innovadoras que presenten un maior potencial de dinamización empresarial e arrastre da economía global.

Á vista da experiencia na xestión das liñas de axuda publicadas, mantendo unha vixilancia constante sobre os procesos e as necesidades empresariais, cómpre actualizar, focalizar e complementar o esquema, na procura da maior eficacia na dinamización empresarial, introducindo novidades e modificacións que, en esencia, se poden resumir nas seguintes:

-Incremento dos niveis de apoio, aplicables a un abano máis amplo de investimentos.

-Flexibilización dos apoios previstos para facilitar o acceso ao solicitante.

-Incentivos abertos, en concorrencia non competitiva, para os proxectos emprendedores.

-Posibilidade de obter anticipos de subvención.

-Apoios específicos á formación directiva.

-Maior énfase no investimento e na innovación tecnolóxica.

-Facilitar e flexibilizar os apoios ao investimento empresarial de contía significativa.

Considerando o carácter básico do Igape como instrumento de promoción eminentemente horizontal e aberto á colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, ademais do previsto nestas bases, poderá xestionar e canalizar cara ao tecido empresarial outras medidas de acordo cos departamentos competentes por razón de materia.

Tendo en conta todo o anterior, o Igape mantén determinadas liñas de apoio e establece nun novo documento único as bases reguladoras modificadas dos seus incentivos económicos, que se dividen en tres:

1. Base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial.
2. Base reguladora das axudas a proxectos de consultoría e asistencia técnica nas Pemes.
3. Base reguladora das axudas a proxectos colaborativos de carácter empresarial.

A tramitación das anteriores axudas regularase mediante as bases reguladoras da tramitación dos procedementos de axuda do Igape, que o Igape publica de forma xeral para todas as súas liñas de axuda.

As convocatorias das distintas liñas de axuda serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. Estas convocatorias incluírán o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

Así mesmo, ademais das axudas prescritas nas bases reguladoras dos incentivos, o Igape, para o mellor cumprimento dos seus fins, poderá poñer en marcha, de xeito complementario outros instrumentos financeiros que faciliten a toma de decisión e posta en marcha de iniciativas de interese, así como prestar servizos cos seus propios medios e recursos podendo incluír nalgún caso a contratación de bens ou servizos que contribúan de mellor xeito a acadar os obxectivos estratéxicos.

Base reguladora dos incentivos a proxectos de investimento empresarial

Esta base está dirixida a fomentar o dinamismo empresarial na Comunidade Autónoma galega, e establece os requisitos e condicións dos proxectos de investimento empresarial e gastos asociados ao investimento.

Segundo o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exclúese o réxime de concorrencia competitiva no procedemento de concesión das axudas dos puntos 1.1.1 e 1.1.3. As subvencións outorgaranse a aqueles solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases ata o esgotamento dos créditos habilitados, o cal se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. Tramitaranse en concorrencia competitiva os incentivos previstos no punto 1.1.2.

Nas axudas previstas no punto 1.1.3., igual que en todas as convocatorias en concorrencia competitiva, a preparación de solicitudes será necesariamente telemática, en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser, así mesmo, totalmente telemática ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude, segundo o previsto nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

Artigo 1º.-Iniciativas obxecto de apoio.

1.1. Co obxectivo de incentivar proxectos e actuacións empresariais de distinto tipo, o Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido aos seguintes tipos de iniciativa:

1.1.1. Segundo a regulación establecida no artigo 4, a proxectos de investimento empresarial que cumpran unha das seguintes condicións:

- a) Investimento subvencionable superior a 500.000 €.
- b) Proxectos de servizos avanzados cunha creación de emprego ligado ao investimento igual ou superior a 10 postos de traballo de carácter indefinido. Neste caso, o investimento subvencionable previsto deberá ser superior a 200.000 €.

1.1.2. Segundo a regulación establecida no artigo 5, a proxectos dirixidos á mellora da produtividade, nos seguintes eidos:

- a) Proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das Pemes cun investimento subvencionable entre 100.000 e 500.000 €.
- b) Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión de procesos soporte e cadros de mando, cun custo subvencionable entre 30.000 e 200.000 €.

1.1.3. Segundo a regulación establecida no artigo 6, a proxectos de creación de empresas promovidas por novos emprendedores cun custo subvencionable non superior a 500.000 €.

1.2. Os proxectos que teñan cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou do Fondo Social Europeo están sometidos ás obrigas de información e difusión establecidas na regulamentación da UE, en particular os regulamentos (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo (DOUE L 210/25, do 31 de xullo), Regulamento (CE) nº 1080/2006, do 5 de xullo de 2007 do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210/1, do 31 de xullo) e Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

1.3. A convocatoria das liñas de axudas recollidas nesta base serán obxecto de publicidade mediante resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na cal se fixarán os créditos dispoñibles, o prazo de presentación de solicitudes, se é o caso, a documentación que se presentará co expediente, e calquera outro aspecto procedemental que se considere necesario ata o pagamento e peche do expediente.

1.4. As axudas están dirixidas, en xeral, ao fomento da actividade económica de Galicia, sen que caiba unha regulación sectorial e sen prexuízo das actividades subvencionables en cada liña de apoio.

1.5. As liñas de axuda contempladas nesta base contéplanse no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

1.6. Os proxectos amparados por estas liñas de axuda non poderán ser comezados antes da presentación da solicitude de apoio. Os proxectos presentados por empresas que non cumpran os requisitos de pequena e mediana empresa segundo o citado Regulamento (CE) nº 800/2008, terán, ademais, que acreditar ao Igape o efecto incentivador da subvención solicitada. Para tal efecto, deberán presentar un documento onde se reflicta que a concesión da axuda suporá ben un incremento substancial no tamaño ou alcance do proxecto, ben un incremento substancial do importe total desembolsado polo beneficiario no proxecto, ben unha aceleración substancial da finalización do proxecto ou da actividade en cuestión, ou ben que, de non ser pola axuda, o proxecto de investimento non se implantaría en Galicia.

Artigo 2º.-*Tipo de axuda.*

2.1. Poderán concederse subvencións a fondo perdido sobre o investimento e os gastos subvencionables, segundo os conceptos enumerados nos artigos correspondentes para cada tipo de iniciativa.

2.2. Para estes efectos, o establecemento dos distintos límites de intensidade porcentual de subvención, computarase en todo caso en termos de subvención bruta.

2.3. Serán subvencionables os investimentos e gastos realizados e pagados unha vez presentada a solicitude de axuda e que cumpran os requisitos conforme o establecido en cada artigo, dentro do prazo concedido para a execución dos proxectos. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que se establezan.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

3.1. Coas limitacións establecidas para cada caso no artigo correspondente, poderán ser beneficiarios aquelas empresas existentes ou en constitución que cumpran os seguintes requisitos:

a) Realizar unha iniciativa obxecto de apoio na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Desenvolver no centro obxecto do proxecto algunha das actividades subvencionables que se sinalan no artigo correspondente.

c) Achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu impor-

te, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

d) Estar ao día das súas obrigas coa Facenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non estar suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión da Unión Europea, que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3.2. Para aquelas actividades que se atopen comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da Unión Europea sobre axudas estatais, as axudas previstas nesta base axustaranse en cada caso ás devanditas normas específicas.

Artigo 4º.-Proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 € e servizos avanzados intensivos en emprego.

O Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido ás empresas que realicen os seguintes tipos de proxectos:

-Proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 € para a creación dun novo establecemento, a ampliación dun establecemento existente, a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso xeral de produción dun establecemento existente.

-Proxectos de investimento empresarial en centros de servizos avanzados intensivos en emprego.

Estas axudas concederanse ao abeiro do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

4.1. Proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 € para a creación dun novo establecemento, a ampliación dun establecemento existente, a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso xeral de produción dun establecemento existente.

4.1.1. Requisitos específicos dos beneficiarios: sociedades con obxecto empresarial, existentes ou en constitución, que cumpran, ademais do previsto no artigo 3, os seguintes requisitos:

a) Presentar un proxecto cuxo investimento subvencionable, segundo o establecido nos seguintes puntos, supere os 500.000 €, que sexa viable técnica, económica e financeiramente. Para estes efectos, o Igape poderá exixir nas resolucións de concesión un determinado nivel de fondos propios que deberá acreditar o beneficiario.

b) No caso de ampliacións de instalacións existentes, o investimento subvencionable deberá ser, ademais, superior a 1,5 veces a dotación media para amortizacións do inmovilizado, circunscrita ao cen-

tro obxecto dos novos investimentos, nos 3 últimos exercicios pechados.

c) Comprometerse a manter o emprego existente.

d) Comprometerse a manter unha determinada composición do accionariado nos supostos en que esta represente un elemento substancial para garantir a viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto e así se establecese na resolución de concesión.

e) No caso de proxectos específicos de protección e mellora ambiental, ademais de cumprir os requisitos anteriores o obxecto social da empresa solicitante deberá recoller como actividade principal a realización dalgunha das seguintes:

-Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.

-Fabricación de equipamento para instalacións de xestión e tratamento de residuos, redución ou eliminación da contaminación.

f) Con base no interese estratéxico dun proxecto para Galicia, o Igape poderá eximir motivadamente do cumprimento dalgun dos requisitos anteriores. Será competente o director xeral, salvo para aqueles expedientes de axuda superior a 500.000 €, que necesitarán acordo do Consello de Dirección do instituto.

4.1.2. Actividades subvencionables: coas excepcións por actividade establecidas no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto), os proxectos subvencionables deberán, en todo caso, estar vinculados a algunha destas actividades, independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante:

a) A extracción, procesamento, transformación ou produción de minerais, produtos enerxéticos ou os seus derivados.

b) A industria.

c) Turismo: hotéis de 4 ou máis estrelas, balnearios e baños, podendo incluír instalacións complementarias; portos deportivos de acceso público.

d) Actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación e calquera outra de avanzada tecnoloxía.

e) Transporte e loxística.

f) Servizos de apoio industrial.

g) Tamén poderán ser incentivados, con especial consideración, os investimentos para a creación ou ampliación de centros de desenvolvemento, investigación, ensaios ou laboratorios, xunto con instalacións piloto de experimentación de novas tecnoloxías, vinculados ás empresas cuxa actividade principal sexa subvencionable ou aínda cando non sexa subvencionable, excepcionalmente e por acordo motivado, sempre que o interese estratéxico do proxecto así o aconselle. Será competente para ditar este

acordo o director xeral, salvo para aqueles expedientes de axuda superior a 500.000 € que necesitarán acordo do Consello de Dirección do instituto.

4.1.3. Conceptos subvencionables: para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido, excluindo impostos, taxas e arbitrios, consideraranse conceptos subvencionables os seguintes:

4.1.3.1. Investimentos realizados en:

a) Adquisición dos terreos necesarios para acometer o proxecto, traídas e conexións de servizos, urbanización e obras exteriores adecuadas ás necesidades do proxecto. A contía máxima subvencionable de custo de terreo non poderá superar o 10% do investimento subvencionable total.

b) Obra civil: oficinas, laboratorios, servizos sociais e sanitarios do persoal, almacenamento de materias primas, edificios de produción, edificios de servizos industriais, almacenamento de produtos terminados e outras obras vinculadas ao proxecto.

c) Adquisición de inmoables.

d) Bens de equipamento: maquinaria de proceso, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto. No sector de transporte non son subvencionables os elementos de transporte exterior.

e) Outros investimentos en activos fixos materiais incluíndo mobiliario.

f) Aplicacións informáticas e adquisición de propiedade intelectual e industrial, incluíndo licenzas de fabricación e patentes, gastos de I+D e outros activos intanxibles ligados a proxectos de innovación tecnolóxica, en contía non superior ao 50% do investimento subvencionable aprobado.

4.1.3.2. Os custos de formación específica do persoal para a implantación do proxecto de investimento poderán ser subvencionables cando as características da formación en relación coa actividade que se vaia desenvolver así o xustifique, cun límite máximo de custo apoiado do 20% do investimento subvencionable do proxecto. Esta axuda concederáse de conformidade co Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto). A intensidade de axuda para os custos de formación específica será en todo caso do 25% dos custos subvencionables para as empresas que non cumpran a condición de PEME, do 35% para as medianas empresas e do 45% para as pequenas empresas.

4.1.3.3. Para a determinación do importe do investimento e gastos subvencionables, observaranse os criterios e módulos de custo máximo subvencionable que poida aprobar o Consello de Dirección do Igape para os distintos conceptos que, de ser o caso, prevalecerán sobre os seus prezos de adquisición.

4.1.3.4. Naqueles casos de subvención ao terreo, construcións e urbanizacións por cambio de locali-

zación dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a base sobre a cal se aplicará a subvención será a que resulte da diferenza entre o prezo de adquisición dos novos activos e o valor dos da antiga localización, segundo informe de taxación subscrito por sociedade de taxación homologada, sempre e cando as instalacións que se abandonen sexan propiedade da empresa ou dos seus socios maioritarios, directa ou indirectamente. Se dentro do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión da subvención fosen alleadas as instalacións da antiga localización da empresa e o importe neto da venda resultase superior ao da taxación homologada que se tivo en conta para os efectos da subvención, reaxustarase o importe da subvención concedida.

4.1.3.5. Serán subvencionables os investimentos en bens de primeiro uso empresarial realizados e pagados con posterioridade á recepción da notificación do Igape da elixibilidade do proxecto e ata a data de finalización do prazo concedido para a execución do proxecto. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda. Non serán subvencionables os proxectos cuxa execución sexa iniciada previamente á confirmación por escrito do Igape de que, suxeito ao resultado final derivado dunha verificación detallada, o proxecto cumpre as condicións de subvencionabilidade establecidas nesta base.

4.1.3.6. Ademais do requisito establecido no punto anterior, no caso de investimentos en obra civil, os solicitantes estarán obrigados a presentar acta notarial que reflecta fidedignamente con posterioridade á recepción da notificación de elixibilidade do Igape a falta de iniciación da obra.

4.1.3.7. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 30.000 € pola execución da obra ou os 12.000 € pola subministración dos bens de equipamento, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a execución da obra ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4.1.3.8. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo de vixencia, debendo constar nese momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas. O investimento terá que manterse no centro de traballo en Galicia durante os cinco anos seguintes á finalización do prazo de vixencia. O investimento subvencionado poderá ser substituído

no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante o devandito período.

No caso dos activos intanxibles para ser considerados subvencionables, ademais deberán cumprir todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa; 4) deberán incluírse nos activos da empresa.

4.1.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

4.1.4.1. Con carácter xeral e ata un máximo de axuda do 30% sobre os investimentos subvencionables, teranse en conta na avaliación de proxectos e na determinación da intensidade da axuda, os seguintes criterios:

- a) A creación de emprego mediante contratos indefinidos.
 - b) O carácter dinamizador do proxecto para a economía da zona na que se implante.
 - c) O carácter innovador do proxecto e a incorporación de tecnoloxía avanzada.
 - d) O valor engadido medio da actividade empresarial.
 - e) A utilización de materias primas autóctonas.
 - f) A orientación da produción cara á exportación.
 - g) Interese ambiental do proxecto.
 - h) Proxectos de investimento en centros de desenvolvemento, investigación e ensaios ou laboratorios.
 - i) Proxectos propostos por empresas adscritas a clústers galegos.
 - j) Sectores de actividade prioritarios, segundo o establecido no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape.
 - k) O especial carácter dinamizador.
 - l) A primeira implantación en Galicia.
 - m) A localización do proxecto, segundo o establecido no anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape.
 - n) No caso de adquisición de terreos localizados en polígonos de promoción pública realizada directamente ao organismo promotor, concederase unha subvención de ata o 50% do seu prezo, dentro do límite máximo de intensidade de axuda global do 30% e da limitación do importe subvencionable do terreo ao 10% do investimento subvencionable total.
 - o) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada.
- 4.1.4.2. Para proxectos específicos de protección e mellora ambiental poderase conceder unha axuda

mínima dun 15% sobre a base subvencionable e ata un máximo do 30%, tendo en conta na avaliación e na determinación da intensidade da axuda, os seguintes criterios:

a) Tipo de proxecto.

a.1) Proxectos de reciclaxe.

a.2) Proxectos de valorización de residuos.

a.3) Proxectos de eliminación de residuos.

b) O interese ambiental do proxecto.

c) A creación de emprego mediante contratos indefinidos.

d) O carácter dinamizador do proxecto para a economía da zona en que se implante.

e) O carácter innovador do proxecto e a incorporación de tecnoloxía avanzada.

f) O valor engadido que xere.

g) A localización do proxecto, segundo o establecido no anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape.

h) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada.

4.2. Proxectos de servizos avanzados intensivos en emprego.

4.2.1. Requisitos específicos dos beneficiarios: sociedades con obxecto empresarial, existentes ou en constitución, que cumpran, ademais do previsto no artigo 3, os seguintes requisitos:

a) Presentar un proxecto de investimento en servizos avanzados en Galicia no que o emprego a crear con carácter indefinido sexa igual ou superior a 10 novos postos de traballo, emprego que estará asociado a un investimento subvencionable superior a 200.000 €.

b) Comprometerse a manter o emprego existente.

c) Comprometerse a manter unha determinada composición do accionariado nos supostos en que esta represente un elemento substancial para garantir a viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto e así se establecese na resolución de concesión.

4.2.2. Actividades subvencionables: coas excepcións por actividade establecidas no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto), os proxectos subvencionables deberán, en todo caso, estar vinculados a algunha destas actividades, independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante:

a) Servizos de implantación de sistemas tecnolóxicos: monitorización e control de procesos industriais, sistemas de seguimento remoto e telecomando de procesos, sistemas mecatrónicos.

b) Enxeñaría de produtos e procesos industriais, enxeñaría de proxectos aeronáuticos ou espaciais.

c) Centros de servizos telemáticos.

d) Centros de desenvolvemento de software.

e) Enxeñaría de ensaio e control de calidade en edificación, obra civil ou industria.

4.2.3. Conceptos subvencionables:

4.2.3.1. Custos salariais: nos proxectos de servizos avanzados intensivos en emprego serán subvencionables os salarios brutos do persoal que se contrate, durante o período de vixencia, co límite dun ano de salario por traballador. Nestes proxectos, o investimento mínimo asociado (200.000 €) debe ser executado e pagado no período de vixencia, e estará suxeito a comprobación segundo o establecido no punto 4.1.3. anterior. Os postos de traballo creados terán que cumprir as seguintes condicións:

a) Estar asociados directamente ao proxecto de investimento.

b) Ser creados no prazo de vixencia establecido na resolución de concesión, prazo que non superará os tres anos seguintes á finalización do investimento.

c) Manterse durante un período mínimo de cinco anos desde a creación para as grandes empresas e de 3 anos para as Pemes.

d) O proxecto de investimento deberá conducir a un incremento neto do número de empregados no establecemento de que se trate, comparado coa media dos últimos doce meses.

4.2.3.2. Os custos de formación específica do persoal para a implantación do proxecto de investimento poderán ser subvencionables cando as características da formación en relación coa actividade que se vaia desenvolver así o xustifique, cun límite máximo de custo apoiado do 20% dos salarios brutos subvencionables do proxecto. Esta axuda concederase de conformidade co Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto). A intensidade de axuda para os custos de formación específica será en todo caso do 25% dos custos subvencionables para as empresas que non cumpran a condición de PEME, do 35% para as medianas empresas e do 45% para as pequenas empresas.

4.2.3.3. Para a determinación do importe subvencionable, observaranse os criterios e módulos de custo máximo subvencionable que poida aprobar o Consello de Dirección do Igape para os distintos conceptos que, de ser o caso, prevalecerán sobre os seus prezos de adquisición.

4.2.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

Con carácter xeral, a axuda resultante calcularase como unha porcentaxe sobre o salario bruto do per-

soal que se contrate, entre un 15% e un 30% da base subvencionable. Para este cálculo, teranse en conta:

- a) O número de postos de traballo que se vaian crear con contratos indefinidos.
- b) A novidade do servizo en Galicia.
- c) A vinculación indirecta que poida supoñer o proxecto de grandes grupos empresariais a Galicia.
- d) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada.

4.2.5. Excepcionalmente e con base no interese estratéxico dun determinado proxecto, o Igape, poderá considerar como subvencionables outras actividades de servizos avanzados non especificadas no punto 4.2.2. anterior, así como elevar o período de cómputo salarial ata dous anos por posto de traballo que se vaia crear. Será competente para ditar o dito acordo o director xeral, salvo para aqueles expedientes de axuda superior a 500.000 € que necesitarán acordo do Consello de Dirección do instituto.

4.3. Disposicións comúns.

4.3.1. O Igape poderá establecer convenios individual ou conxuntamente cos distintos departamentos da Xunta de Galicia e outras institucións públicas, co fin de implementar liñas de apoio sectoriais ou de proxectos que se consideren estratéxicos. O seu réxime e condicións adecuaranse ao que se estableza nos citados convenios, que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

4.3.2. Coas especificidades sinaladas neste artigo 4, a tramitación seguirá o establecido no capítulo II das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

4.3.3. A subvención ao investimento ou a calculada sobre os salarios brutos, concedida ao abeiro deste artigo 4 para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación do tipo de xuro e tamén con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites permitidos para Galicia no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

As subvencións dos custos de formación serán incompatibles con calquera outra axuda pública.

4.3.4. Nos casos de proxectos de primeira implantación en Galicia, os interesados poderán solicitar un acordo previo en que, coa participación dos departamentos da Xunta implicados, se determinen os apoios que, no conxunto dos programas e actuacións da Administración da comunidade autónoma, poderían acadarse, no caso de levar a cabo en Galicia o proxecto de investimento previsto baixo as premisas que se especifiquen no acordo previo.

4.3.5. Servizos de apoio. Con carácter complementario e en función do seu interese estratéxico, o Igape poderá prestar de oficio servizos de apoio previos ao establecemento de novos proxectos, a favor daquelas empresas que pretendan implantarse por primeira vez na comunidade autónoma. Estes servizos, que non terán compoñente de axuda, poderán consistir, entre outros, en:

-Información e asesoramento dos trámites que hai que seguir para a implantación do proxecto.

-Estudos necesarios para sustentar a decisión de implantación.

-Xestións de busca de localizacións idóneas para o proxecto.

-Tramitación ante organismos públicos de autorizacións ou permisos necesarios para a súa posta en marcha.

-Facilitar contactos con outras empresas ligadas á súa actividade.

Artigo 5º.-Axudas a proxectos dirixidos á mellora da produtividade empresarial.

5.1. Proxectos subvencionables.-O Igape poderalles conceder subvencións a fondo perdido ás empresas que realicen os seguintes tipos de proxectos:

-Proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das Pemes entre 100.000 e 500.000 € de investimento subvencionable (regulado no punto 5.3.). Se o investimento subvencionable resultase superior a 500.000 €, o Igape reduciría a base subvencionada á dita cantidade.

-Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión de procesos soporte, e cadros de mando cun gasto subvencionable entre 30.000 € e 200.000 €, dedicados á innovación na xestión da empresa no seu conxunto ou nalgún dos seus procesos secundarios, por medio de consultoría de proceso e implantación de ferramentas informáticas de xestión (regulado no punto 5.4.). Se o custo subvencionable resultase superior a 200.000 €, o Igape reduciría a base subvencionada á devandita cantidade.

Estas axudas concederanse ao abeiro do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

5.2. Requisitos específicos dos beneficiarios.-Para os proxectos previstos neste artigo, dirixidos ás Pemes, poderán ser beneficiarios destas axudas as pequenas e medianas empresas (Pemes) segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto) polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado

(Regulamento xeral de exención por categorías), domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia ou que emprendan proxectos subvencionables nos seus centros de traballo establecidos en Galicia.

5.3. Proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das Pemes entre 100.000 e 500.000 € de investimento subvencionable.

5.3.1. Actividades subvencionables: coas excepcións por actividade establecidas no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto), o proxecto subvencionable deberá, en todo caso, estar vinculado á consolidación ou posta en marcha dalgunha das seguintes actividades, independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante:

a) A extracción, procesamento, transformación ou produción de minerais, produtos enerxéticos ou os seus derivados.

b) A industria.

c) Turismo: hoteis de 4 ou máis estrelas, balnearios e baños, podendo incluír instalacións complementarias; portos deportivos de acceso público.

d) Actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación e calquera outra de avanzada tecnoloxía.

e) O transporte e a loxística.

f) As actividades de eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.

g) Servizos avanzados:

I. De implantación de sistemas tecnolóxicos: monitorización e control de procesos industriais, sistemas de seguimento remoto e telecomando de procesos, sistemas mecatrónicos.

II. Enxeñaría de produtos e procesos industriais, enxeñaría de proxectos aeronáuticos ou espaciais.

III. Centros de servizos telemáticos.

IV. Desenvolvemento de software.

V. Enxeñaría de ensaio e control de calidade en edificación, obra civil ou industria.

h) Servizos auxiliares á industria.

i) Tamén poderán ser incentivados, con especial consideración, os investimentos tecnolóxicos para a creación ou ampliación de centros de desenvolvemento, investigación, ensaios ou laboratorios, xunto con instalacións piloto e experimentación de novas tecnoloxías, vinculados ás empresas cuxa actividade principal sexa subvencionable ou aínda cando non sexa subvencionable, excepcionalmente e por acordo motivado do director xeral do Igape, sempre que o interese estratéxico do proxecto así o aconselle.

5.3.2. Conceptos subvencionables: para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido poderán ser subvencionables os conceptos seguintes:

a) Bens de equipamento de carácter tecnolóxico: maquinaria de proceso, instalacións específicas necesarias para a súa implantación, elementos de transporte interior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto. No sector do turismo poderán ser subvencionados os equipamentos en xeral. No sector do transporte non serán subvencionables os elementos de transporte exterior.

b) Adquisición de propiedade intelectual e industrial, incluíndo licenzas de fabricación e patentes.

Serán subvencionables os investimentos realizados e pagados dentro do prazo de vixencia. O prazo de vixencia iniciarase coa presentación da solicitude de axuda e o remate do prazo de vixencia será o establecido na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda.

Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo de vixencia, debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas. O investimento terá que manterse no centro de traballo en Galicia durante os tres anos seguintes ao remate do prazo de vixencia. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante este período. Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.

No caso dos activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa; 4) deberán incluírse nos activos da empresa.

Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 € pola subministración dos bens de equipamento, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5.3.3. Criterios de avaliación para a selección de proxectos: cun mínimo dun 10% e ata un máximo de axuda do 40% sobre os gastos subvencionables, teranse en conta na avaliación e puntuación para a

selección de proxectos e na determinación da intensidade da axuda, os criterios seguintes:

a) Sectores prioritarios relacionados no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (10 puntos).

b) Empresa adscrita a un clúster galego legalmente constituído (5 puntos).

c) Estrutura de emprego existente na PEME (entre 0 e 10 puntos dependendo da relación traballadores indefinidos/total de traballadores a peche do último exercicio).

d) Localización do proxecto dentro de Galicia, segundo o anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-15 puntos).

e) Grao de innovación:

I. A nivel de empresa:

1. Novos produtos (15 puntos).

2. Procesos non realizados previamente (10 puntos).

3. Mellora ou automatización de procesos preexistentes (5 puntos).

II. Orixe da innovación (lugar de fabricación dos activos tecnolóxicos que se van implantar):

1. Galicia (15 puntos).

2. Resto de España (10 puntos).

3. Estranxeiro (5 puntos).

III. Carácter innovador e tecnolóxico do proxecto no seu conxunto (0-25 puntos).

f) A existencia de sistemas de xestión ambiental certificados por entidade acreditada (5 puntos).

g) A existencia de sistemas de calidade certificados por entidade acreditada (5 puntos).

h) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (5 puntos).

5.4. Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión de procesos soporte, e cadros de mando cun gasto subvencionable superior a 30.000 € e ata 200.000 € dedicados á innovación na xestión da empresa no seu conxunto ou nalgún dos seus procesos secundarios, por medio de consultoría de proceso e implantación de ferramentas informáticas de xestión.

5.4.1. Actividades subvencionables: serán subvencionables os proxectos realizados por Pemes de todas as actividades económicas agás as excluídas segundo o Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

5.4.2. Conceptos subvencionables: para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido poderán ser subvencionables os conceptos seguintes:

a) Consultoría de proceso e asistencia técnica específica para a implantación do proxecto, cun límite de subvención por proxecto de 15.000 €.

b) Activos materiais e inmateriais:

I) Software e aplicacións de xestión interna (paquetes estándar ou desenvolvementos específicos).

II) Hardware necesario para o manexo das aplicacións de xestión que se implanten (ordenadores ou servidores), cun límite de subvención por proxecto de 12.000 €.

III) Instalación de redes informáticas internas á empresa e, de ser o caso, custos de aloxamento en remoto (*hosting/housing*) durante un ano das aplicacións implantadas.

Serán subvencionables os investimentos e os gastos realizados e pagados dentro do prazo de vixencia. O prazo de vixencia iniciarase coa presentación da solicitude de axuda e a finalización do prazo de vixencia será o establecido na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda.

Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes do remate do prazo de vixencia, debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas. O investimento terá que manterse no centro de traballo en Galicia durante os tres anos seguintes ao remate do prazo de vixencia. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante o devandito período. Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.

No caso dos activos intanxibles, para seren considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente na empresa beneficiaria da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa; 4) deberán incluírse nos activos da empresa.

Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 € pola prestación do servizo pola empresa de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5.4.3. Criterios de avaliación para a selección de proxectos: cun mínimo dun 15% e un máximo de axuda do 40% sobre os gastos subvencionables, teranse en conta na avaliación e puntuación para a selección de proxectos e na determinación da intensidade da axuda, os criterios seguintes:

a) Sectores prioritarios relacionados no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (10 puntos).

b) Empresa adscrita a un clúster galego legalmente constituído (10 puntos).

c) Estrutura de emprego existente á data do último exercicio pechado (0-10 puntos).

d) Integridade, novidade e obxectivo dos proxectos (0-25 puntos).

e) Tipo de ferramentas que se implantarán (0-30 puntos).

I. Estándar adaptada (15 puntos).

II. Desenvolvemento específico (5 puntos).

III. Orixe das ferramentas informáticas (lugar de creación da ferramenta):

Galicia (15 puntos).

Resto de España (10 puntos).

Estranxeiro (5 puntos).

f) A existencia de sistemas de xestión ambiental certificados por entidade acreditada (5 puntos).

g) A existencia de sistemas de calidade certificados por entidade acreditada (5 puntos).

h) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (5 puntos).

5.5. Limitacións: para calquera das medidas previstas neste artigo 5, un solicitante só poderá presentar unha solicitude por convocatoria. Para estes efectos considerárase como un único solicitante as empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial ou vinculadas entre si.

5.6. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

5.7. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será, non obstante, compatible con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación do tipo de xuro e tamén, con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites permitidos para Galicia no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

Artigo 6º.-*Proxectos de creación de empresas promovidas por novos emprendedores cun investimento en activos fixos subvencionables non superior a 500.000 €.*

6.1. Proxectos subvencionables: proxectos empresariais de novos emprendedores, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Presentar un custo subvencionable superior a 50.000 € e non superior a 500.000 € que se realizará no prazo de vixencia que se estableza na resolución de concesión; se o custo subvencionable resultara superior a 500.000 €, o Igape reduciría a base subvencionada a esta cantidade.

b) Ser viable técnica, económica e financeiramente.

Esta axuda concederáse ao abeiro do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto). Agás no caso de pequenas empresas, a subvención sobre os aprovisionamentos e os gastos de aluguer establecidos nos puntos V.a) e b) do artigo 6.4.1 acolleráse ao establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro).

6.2. Actividades subvencionables: serán subvencionables os proxectos realizados por Pemes de todas as actividades económicas agás as excluídas segundo o Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

6.3. Requisitos específicos dos beneficiarios: pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), que exerzan ou teñan intención de exercer a súa actividade económica en Galicia baixo calquera forma de persoa xurídica de obxecto mercantil e que, ademais, cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o seu capital se atope maioritariamente participado pola suma das participacións de persoas físicas que non estean acometendo outras actividades económicas por conta propia á data de presentación da solicitude e das achegas de entidades de capital risco e investidores privados adscritos a unha rede asimilable ás coñecidas como redes de *business-angels*.

b) A participación no capital da empresa de persoas, físicas ou xurídicas, que si estean desenvolvendo outras actividades económicas na data de solicitude, non poderá exceder conxuntamente o 40%.

c) Que polo menos unha das persoas físicas participante no capital e sen outra actividade económica por conta propia á data de solicitude, teña unha dedicación plena ao proxecto, non podendo desem-

peñar outra actividade por conta allea durante o período de vixencia.

d) Que o proxecto presentado acade un mínimo de 20 puntos, como resultado de aplicar os criterios de avaliación e selección previstos no punto 6.5.

e) No caso de estar constituída a sociedade que propón o proxecto emprendedor, tanto a data de constitución como a data de alta censual non poderán ter unha antigüidade superior a 1 ano no momento da solicitude de axuda.

6.4. Conceptos subvencionables.

6.4.1. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido, consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes:

a) Investimentos realizados en:

I. Obra civil para construción, reforma ou habilitación de instalacións suxeitos, de ser o caso, aos módulos máximos de custo subvencionable que poida establecer o Consello de Dirección do Igape.

II. Bens de equipamento: maquinaria de proceso, utensilios, equipamentos informáticos, mobiliario, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto. Nos sectores do transporte e loxístico non serán subvencionables os elementos de transporte exterior.

III. Outros investimentos en activos fixos mobiliarios.

IV. Gastos de establecemento e investimentos en inmovilizado inmaterial: aplicacións informáticas, gastos de investigación e desenvolvemento; propiedade industrial e intelectual, podendo incluír licenzas de fabricación, patentes e o canon fixo de franquías no seu primeiro ano.

V. Aprovisionamentos necesarios para o inicio da actividade limitada ao 5% do importe subvencionado total, e non poderá exceder os límites cuantitativos establecidos polo Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro) e para as pequenas empresas os límites do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

b) Os gastos de aluguer en bens mobles e inmoebles cando polas características do proxecto supoñan unha dificultade inicial para a súa maduración, quedando limitado, en todo caso, pola súa necesidade e ata un prazo máximo dun ano, e non poderá exceder os límites cuantitativos establecidos polo Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro) e para as pequenas empresas os límites do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comi-

sión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

6.4.2. Con carácter xeral, e cos límites establecidos no caso de conceptos de gasto suxeitos a *minimis*, a subvención non superará o 40% dos gastos subvencionables; tendo en conta, ademais, que a axuda resultante non poderá superar tampouco o 40% de subvención bruta calculada sobre os gastos comprendidos no punto a) anterior.

6.4.3. Serán subvencionables os custos realizados e pagados dentro do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión, que se iniciará coa presentación da solicitude de axuda e finalizará na data establecida na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións da subvención.

6.4.4. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes do remate do prazo de vixencia, debendo constar neste momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas.

O investimento terá que manterse no centro de traballo en Galicia durante os 5 anos seguintes ao remate do prazo de vixencia no caso de adquisición de bens inmoebles, que poderá reducirse a 3 anos no caso doutros bens inventariables. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante este período. Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.

No caso dos activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente na empresa beneficiaria da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa; 4) deberán incluírse nos activos da empresa.

6.4.5. Para a determinación dos importes subvencionables observaranse, de ser o caso, os criterios e módulos de custo máximo subvencionable que poida aprobar o Consello de Dirección do Igape para os distintos conceptos que, de ser o caso, prevalecerán sobre os seus prezos de adquisición.

6.4.6. Os investimentos e gastos previstos polo solicitante deberán ser especificados na solicitude, coa planificación anualizada destes. O Igape, para cada proxecto que resulte aprobado, establecerá na resolución individual correspondente os investimentos subvencionados ata o remate do prazo de vixencia.

6.4.7. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 30.000 € pola execución da obra ou os 12.000 € pola subministración dos bens de equipa-

mento, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a execución da obra ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6.5. Criterios de avaliación e selección de proxectos: o expediente avaliarase tomando en conta os seguintes criterios para obter a puntuación que sirva de base para a selección de proxectos e de cálculo da intensidade de axuda, que se establece entre un 15% e un 40%:

a) A localización do proxecto, segundo o anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-15 puntos).

b) O valor engadido medio xerado pola actividade económica en que o proxecto se vai encadrar (0-10 puntos).

c) A creación de emprego indefinido por conta allea (0-20 puntos).

d) O carácter dinamizador do proxecto para a economía da zona en que se implante (0-20 puntos).

e) O grao de innovación do proxecto (0-15 puntos).

f) O sector de actividade a que se dirixe o proxecto, sendo prioritarios os relacionados no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-15 puntos).

g) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (5 puntos).

6.6. Especificidades de tramitación.-Para presentar a solicitude de axuda os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto e para presentar a solicitude de cobramento deberán cubrir un cuestionario de liquidación, a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>, como se establece nos artigos 1 e 7 do capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape. O resto da tramitación seguirá o establecido no capítulo II das citadas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

6.7. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, cos programas de axuda financeira do instituto como poden ser, entre outros, os préstamos ou a subsidiación do tipo de xuro, e tamén con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os

límites permitidos para Galicia no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto), ou nos casos establecidos no punto 6.4.1 (aprovisionamentos para o inicio da actividade e gastos de aluguer en bens mobles e inmobles), agás para pequenas empresas, os límites do Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 37 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro).

Base reguladora das axudas a proxectos de consultoría, asistencia técnica e software libre para a mellora da competitividade das Pemes galegas

Esta base dirixese ao fomento das actuacións que permitan ás Pemes galegas a mellora da súa planificación empresarial e a reflexión para abordar con maiores garantías de éxito a súa consolidación e crecemento.

Con carácter xeral, as axudas reguladas nesta base, segundo o indicado en cada punto, outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nas convocatorias en concorrencia competitiva, a preparación de solicitudes será necesariamente telemática, en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser, así mesmo, totalmente telemática ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude, segundo o previsto nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

Artigo 1º.-Iniciativas obxecto de apoio.

1.1. Co obxectivo de incentivar proxectos e actuacións empresariais de distinta tipoloxía, o Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido aos seguintes tipos de iniciativa:

1.1.1. Estudos, asistencia técnica e preparación de proxectos: segundo o establecido no artigo 4º, poderán ser subvencionables as seguintes iniciativas empresariais:

a) Elaboración de plans e protocolos de sucesión na empresa familiar.

b) Preparación de estudos e análises dirixidos á planificación da expansión das pequenas empresas.

c) Proxectos de estudo e implantación de medidas de responsabilidade social corporativa (RSC).

d) Asistencia técnica para a elaboración de propostas de proxectos para concorrer ao financiamento do Fondo Tecnolóxico para España 2007-2013, de proxectos europeos ou de cooperación internacional.

1.1.2. Proxectos de deseño ou redeseño de imaxe corporativa, presentación de empresas e produtos ou servizos. Segundo o establecido no artigo 5º.

1.1.3. Programas de formación empresarial de directivos, mandos intermedios ou equipamentos técnicos. Segundo o establecido no artigo 6º.

1.1.4. Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto. Segundo o establecido no artigo 7º.

1.2. As liñas de axuda contempladas nesta base contéplanse no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías). Agás as contempladas no artigo 7, que se recollen no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro).

1.3. Os proxectos que teñan cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ou do Fondo Social Europeo, están sometidos ás obrigas de información e difusión establecidas na regulamentación da UE, en particular os Regulamentos (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo (DOUE L 210/25, do 31 de xullo), Regulamento (CE) nº 1080/2006, do 5 de xullo do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210/1, do 31 de xullo de 2007) e Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

1.4. A convocatoria das distintas liñas de axuda contempladas nesta base será obxecto de publicidade mediante resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na cal se fixarán os créditos dispoñibles, prazo de presentación de solicitudes, documentación requirida e demais aspectos procedementais ata o pagamento e peche do expediente.

1.5. As axudas están dirixidas en xeral, ao fomento da actividade económica de Galicia, sen que caiba unha regulación sectorial e sen prexuízo das actividades subvencionables en cada liña de apoio.

1.6. Os proxectos amparados por estas liñas de axuda non poderán ser comezados antes da presentación da solicitude de apoio.

Artigo 2º.-*Tipo de axuda.*

2.1. Poderán concederse subvencións a fondo perdido sobre determinados custos subvencionables, segundo os conceptos e sistemas de asignación definidos nos artigos correspondentes para cada tipo de iniciativa.

2.2. Para estes efectos, o establecemento dos distintos límites de intensidade porcentual de subvención, computarase en todo caso en termos de subvención bruta.

2.3. Serán subvencionables os gastos realizados e pagados unha vez presentada a solicitude de axuda e que cumpran os requisitos conforme o establecido en cada artigo, dentro do prazo concedido para a

execución dos proxectos. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que se establezan. Este prazo iniciárase coa presentación da solicitude de axuda e finalizará na data establecida na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións da subvención.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Con carácter xeral, coas limitacións que se especifiquen en cada caso no artigo correspondente, poderán ser beneficiarios:

3.1. As pequenas e medianas empresas (Pemes) segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), que teñan radicado algún centro de actividade de carácter permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e acometan proxectos subvencionables, que cumpran as seguintes condicións:

3.1.1. Desenvolver no centro radicado en Galicia algunha actividade empresarial non excluída no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto). Para aquelas actividades que se atopen comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da Unión Europea sobre axudas estatais, as axudas previstas nestes artigos axustaranse en cada caso ás ditas normas específicas.

3.1.2. No caso de gastos de investimento, deberán achegar para o proxecto polo menos un 25% do seu importe, con recursos propios ou financiamento alleo, que non poderá ser obxecto de axuda ou subvención ningunha.

3.1.3. No caso das liñas de axuda que se recollen no devandito Regulamento (CE) nº 800/2008, non deberán estar suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión da Unión Europea, que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3.1.4. En todos os casos deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

3.2. Poderán ser, así mesmo, beneficiarios, cumprindo os requisitos do punto 3.1.:

a) As persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se achen na situación que motiva a concesión da subvención. Neste caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de

catro anos do artigo 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As agrupacións de interese económico.

c) Para os proxectos previstos nos artigos 5º e 6º poderán ser tamén beneficiarios as entidades sen fin de lucro con personalidade xurídica propia (organismos intermedios) que cumpran as seguintes condicións:

-Que estean domiciliadas en Galicia.

-Que a súa actividade estea dirixida eminentemente ao mundo empresarial.

Artigo 4º.-*Axudas a proxectos de estudos, asistencia técnica e preparación de proxectos.*

4.1. Proxectos subvencionables.

a) Elaboración de plans e protocolos de sucesión na empresa familiar (limitado a Pemes en que a maioría das participacións no capital estean en mans de membros dunha mesma familia).

b) Elaboración de estudos e análises dirixidos á planificación da expansión das pequenas empresas. Traballos dirixidos a establecer as pautas de acción para abordar nas pequenas empresas un avance cualitativo, tanto no negocio como no emprego.

c) Proxectos de estudo e implantación de medidas de responsabilidade social corporativa (RSC).

d) Asistencia técnica para a elaboración de propostas de proxectos europeos ou de cooperación internacional. Custos externos de elaboración de proxectos, busca de socios e outras actividades que permitan á PEME solicitante presentar unha proposta en convocatorias da Comisión Europea o en convocatorias de proxectos de cooperación internacional.

4.2. Obrigas e límites.

4.2.1. Un solicitante poderá presentar como máximo un proxecto ao abeiro de cada unha das liñas anteriores, por convocatoria. Para estes efectos, considerarase como un mesmo solicitante as empresas pertencentes a un grupo empresarial.

4.2.2. As empresas beneficiarias das axudas previstas no punto anterior deberán colaborar co Igape no seguimento do devir futuro da empresa en relación cos estudos realizados.

4.3. Conceptos subvencionables: gastos de consultoría externa (impostos excluídos).

4.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

a) O sector de actividade da PEME, sendo prioritarias as actividades relacionadas no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-20 puntos).

b) A localización do proxecto, segundo o anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-15 puntos).

c) A dimensión da empresa, sendo prioritarios os proxectos propostos por pequenas empresas (0-25 puntos).

d) Os obxectivos empresariais, en relación co proxecto proposto (0-30 puntos).

e) A utilización da lingua galega nos traballos que se van desenvolver (10 puntos).

4.5. Contía e límites de axuda: no caso de ser aprobados, os proxectos definidos contarán cunha subvención a fondo perdido do 50% dos gastos de consultoría ou asistencia técnica orzados polo beneficiario na súa solicitude, co límite de 5.000 € por proxecto.

4.6. Pagamento da subvención.

4.6.1. Unha vez finalizados totalmente os traballos de consultoría externa contratados polo beneficiario, a factura da consultora será sufragada polo beneficiario polo importe non cuberto pola subvención do Igape e a totalidade dos impostos correspondentes. Este pagamento deberá ser aboado polo beneficiario a través de entidades financeiras.

4.6.2. O beneficiario presentará no Igape a súa solicitude de cobramento, na cal se designará a consultora como cesionaria da subvención, achegando unha copia do traballo realizado asinada pola consultora e polo beneficiario da axuda, a factura expedida ao beneficiario e o xustificante de pagamento do importe da factura non cuberto polo apoio concedido.

4.6.3. Unha vez comprobado polo Igape que o beneficiario está ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e que non mantén débedas coa Xunta de Galicia, aborará á consultora provedora do servizo, segundo os datos achegados polo beneficiario mediante certificación bancaria, o importe da subvención concedida.

4.7. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

4.8. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación do tipo de xuro e tamén con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites permitidos para Galicia no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

Artigo 5º.-*Proxectos de deseño.*

5.1. Proxectos subvencionables: proxectos de deseño gráfico para a creación ou redeseño de imaxe corporativa, deseño de envases e etiquetas e deseño dirixido á presentación de empresas e produtos ou servizos. Cando o solicitante sexa un organis-

mo intermedio, o proxecto deberá ir dirixido á creación dunha imaxe corporativa compartida por un colectivo de Pemes non inferior a 5 e deberá abordar, ademais, unha parte específica para cada PEME partícipe.

5.2. Obrigas e límites: un solicitante poderá presentar como máximo un proxecto ao abeiro da liña anterior, por convocatoria. Para estes efectos, considerarase como un mesmo solicitante as empresas pertencentes a un grupo empresarial.

5.3. Conceptos subvencionables: custos de contratación de empresas de deseño gráfico e outros custos asociados ao deseño (excluídos impostos).

5.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos: serán prioritarios os proxectos colectivos presentados por organismos intermedios.

a) O sector de actividade da PEME, sendo prioritarias as actividades relacionadas no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-20 puntos).

b) A localización do proxecto, segundo o anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-15 puntos).

c) A dimensión da empresa, en relación co proxecto solicitado (0-25 puntos).

d) A situación da empresa, en relación co proxecto solicitado (0-30 puntos).

e) A utilización da lingua galega nos deseños que se van desenvolver (10 puntos).

5.5. Contía e límites de axuda: no caso de seren aprobados, os proxectos definidos neste artigo contarán cunha subvención a fondo perdido do 50% dos custos dos servizos de deseño orzados polo beneficiario na súa solicitude, co límite de 5.000 € por proxecto de Pemes individuais. No caso de proxectos colectivos propostos por organismos intermedios, o límite de subvención será o equivalente a 4.000 €/PEME participante e, en todo caso, a subvención máxima global para un proxecto colectivo será de 40.000 €.

5.6. Pagamento da subvención.

5.6.1. Unha vez finalizados totalmente os traballos de deseño contratados polo beneficiario, a factura dos servizos será sufragada polo beneficiario polo importe non cuberto pola subvención do Igape e a totalidade dos impostos correspondentes. Este pagamento deberá ser aboado polo beneficiario a través de entidades financeiras.

5.6.2. O beneficiario presentará no Igape a súa solicitude de cobramento, na cal designará a empresa de servizos contratada como cesionaria da subvención na parte alícuota, achegando unha copia do traballo realizado asinada pola empresa de servizos e polo beneficiario da axuda, a factura expedida ao beneficiario e o xustificante de pagamento do importe da factura non cuberto polo apoio concedido.

5.6.3. Unha vez comprobado polo Igape que o beneficiario está ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e que non mantén débedas coa Xunta de Galicia, aboará á empresa de servizos colaboradora, segundo os datos achegados polo beneficiario mediante certificación bancaria, o importe da subvención concedida.

5.7. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

5.8. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación do tipo de xuro e tamén con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites permitidos para Galicia no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

Artigo 6º.-Programas de formación empresarial de directivos, mandos intermedios ou equipos técnicos.

6.1. Proxectos subvencionables: programas de formación en xestión empresarial en calquera dos procesos, dirixida a directivos, mandos intermedios ou equipos técnicos de Pemes galegas; o límite de duración da formación presencial establécese en 50 horas, podendo complementarse con formación telemática.

6.2. Requisitos específicos dos beneficiarios: para presentaren un proxecto de formación empresarial, os beneficiarios definidos no artigo 3º, deberán cumprir os seguintes requisitos:

6.2.1. No caso de Pemes individuais, deberán ter polo menos 10 traballadores por conta allea á data de solicitude, e presentar un programa formativo dirixido polo menos a 5 alumnos que cumpran as condicións de directivo ou mando intermedio ou equipo técnico.

6.2.2. No caso de entidades sen fin de lucro con personalidade xurídica propia deberán ser organismos intermedios de carácter empresarial, e deberán presentar un programa formativo dirixido a un mínimo de 10 persoas de polo menos 5 Pemes distintas.

6.3. Obrigas e límites: un solicitante poderá presentar como máximo un proxecto ao abeiro da liña anterior, por convocatoria. Para estes efectos, considerarase como un mesmo solicitante as empresas pertencentes a un grupo empresarial.

6.4. Conceptos subvencionables: poderán ser subvencionables os seguintes custos:

-Custos externos de formación cun límite de custo subvencionable de 120 €/h de formación presencial e co máximo de 50 horas presenciais por programa.

-Custos externos de formación en liña cun custo máximo subvencionable total non superior ao custo da formación presencial.

-De ser o caso, custo de aluguer de aulas equipadas, ata un importe equivalente ao dos demais custos subvencionables.

6.5. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

a) O sector de actividade da PEME ou Pemes, sendo prioritarias as actividades relacionadas no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-20 puntos).

b) A localización do proxecto segundo o anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-20 puntos).

c) O detalle do programa formativo e a súa especificidade en relación coas actividades das Pemes participantes (0-25 puntos).

d) A especialización dos servizos de formación a contratar en relación coa temática proposta (0-25 puntos).

e) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (10 puntos).

6.6. Contía e límites de axuda: no caso de seren aprobados, os programas formativos contarán cunha subvención a fondo perdido do 25% dos custos especificados no punto 6.4., que poderá incrementarse en 10 puntos se a axuda se concede a medianas empresas e en 20 puntos para as concedidas a pequenas empresas, co límite de 6.000 € por proxecto.

6.7. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

6.8. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención ou axuda pública.

Artigo 7º.-*Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto.*

7.1. Proxectos subvencionables: proxectos propostos por empresas de desenvolvemento de software ou solucións software encastradas, en código aberto (*open source*) dirixidos á parametrización final de aplicacións de xestión e á introdución e testaxe do mercado.

7.1.1. Entenderase como software en código aberto o que se ofrezca con algunha das licenzas deste tipo máis difundidas, tales como GPL (licenza pública xeral GNU), LGPL (licenza pública xeral menor GNU), MPL (licenza pública Mozilla) e BSD (licenza pública BSD).

7.1.2. Os proxectos deberán especificar o tipo de aplicativo que se parametrizará e o seu obxecto de xestión nas empresas que o implanten, na procura de valorizar as expectativas de mellora da súa pro-

ductividade sen penalización do emprego existente e tendan a favorecer a capacidade innovadora da PEME. Deberán contar coa participación inicial de, polo menos, 5 Pemes galegas determinadas, que permitan o ensaio e adaptación do aplicativo, coa van-taxe de seren usufrutuarios da solución adaptada. Unha vez acadado o obxectivo de ensaio, adaptación final en, polo menos, esas 5 Pemes, o proxecto establecerá un compromiso de cesión e adaptación gra-tuíta en, polo menos, 10 Pemes galegas máis.

7.1.3. Ao remate do proxecto deberán quedar identificadas todas as Pemes beneficiadas pola implantación gratuíta do aplicativo mediante a cobertura dun formulario definido para tal fin, asina-do por cada un dos representantes das Pemes.

7.1.4. No momento da xustificación, a empresa promotora do proxecto deberá ter posto en marcha un espazo web do proxecto (apoiándose en ferramentas existentes, preferiblemente en <http://www.mancomun.org>) no cal se difunda sen ningunha limitación de acceso o software desenvolvido, e exista a documentación suficiente para a súa utilización por parte doutras empresas e particulares, de acordo cos termos da licenza pública elixida.

7.2. Requisitos específicos dos beneficiarios: para este tipo de proxectos, as Pemes previstas no artigo 3 deberán ser empresas desenvolvedoras de software, que propoñan a realización en Galicia dun proxecto de desenvolvemento final de aplicativos informáticos de xestión e implantación en Pemes galegas.

7.3. Conceptos subvencionables.

7.3.1. Os custos subvencionables poderán consistir en:

a) Investimentos en equipamento e instrumental de carácter tecnolóxico necesario para o proxecto de desenvolvemento final do aplicativo.

b) Gastos de adquisición de material funxible ou compoñentes necesarias para o proxecto.

c) Custos de colaboradores externos cando sexan prestados por centros ou institucións tecnolóxicas, ata o límite de 10.000 € por proxecto.

d) Salario bruto do persoal da empresa dedicado ao desenvolvemento do proxecto, durante o período de execución e na proporción da súa dedicación porcentual.

7.3.2. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 € pola subministración dos bens de equipamento, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha

memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

7.3.3. Serán subvencionables os custos realizados e pagados dentro do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión que se iniciará coa presentación da solicitude de axuda. A finalización do prazo de vixencia será o establecido na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda.

7.3.4. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo de vixencia, debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas. O investimento terá que manterse no centro de traballo en Galicia durante os cinco anos seguintes á finalización do prazo de vixencia. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante o dito período. Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.

7.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos: o expediente avaliarase cos seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

a) Empresa desenvolvedora de software adscrita a un clúster galego legalmente constituído (10 puntos).

b) A localización do proxecto, segundo o anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-15 puntos).

c) Número de Pemes nas que se implantará gratuitamente o aplicativo (0-20 puntos).

d) Custo total alegado (0-10 puntos).

e) Obxectivo do aplicativo de xestión e perspectivas de incremento da produtividade nas Pemes que o implanten (0-35 puntos).

f) A utilización da lingua galega no código que se vai desenvolver (10 puntos).

7.5. Límites de axuda. O límite máximo de axuda non superará a porcentaxe do 50% calculada sobre a base subvencionable aprobada. A subvención máxima por proxecto aprobado será de 150.000 €.

7.6. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

7.7. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a

subsidiación ao tipo de xuro e tamén, con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro).

Base reguladora de apoios a proxectos colaborativos de carácter empresarial

Esta base diríxese á mellora da competitividade empresarial mediante a actuación e coordinación do tecido asociativo a través de proxectos propostos por organismos intermedios en xeral e agrupacións empresariais innovadoras en particular.

Con carácter xeral, as axudas reguladas nesta base, segundo o indicado en cada punto, outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nas convocatorias en concorrencia competitiva, a preparación de solicitudes será necesariamente telemática, en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser, así mesmo, totalmente telemática ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude, segundo o previsto nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

Artigo 1º.-Iniciativas obxecto de apoio.

1.1. Co obxectivo de incentivar proxectos e actuacións empresariais de distinta tipoloxía, o Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido aos seguintes tipos de iniciativas:

1.1.1. Segundo a regulación establecida no artigo 4º a iniciativas de difusión:

a) Xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos eidos da innovación, a mellora competitiva ou a aprendizaxe.

b) Realización en Galicia de encontros empresariais entre emprendedores e investidores privados (*business angels*).

c) Realización en Galicia de congresos ou eventos expositivos de alcance internacional.

1.1.2. Segundo a regulación establecida no artigo 5º: proxectos de creación de servizos mancomunados promovidos e dependentes do organismo intermedio para o servizo das Pemes, nos eidos do control ou ensaio de produto, loxística compartida e similares.

1.1.3. Segundo a regulación establecida no artigo 6º:

a) Proxectos de benchmarking empresarial.

b) Programas de cualificación profesional.

c) Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a xeración de proxectos de innovación cooperativos.

1.1.4. Segundo a regulación establecida no artigo 7º, para agrupacións empresariais innovadoras (AEI):

a) A elaboración de plans estratéxicos, de innovación e competitividade, ou de internacionalización, cooperativos.

b) A preparación de proxectos de innovación para concorrer a convocatorias públicas estatais ou europeas.

c) A posta en marcha e implantación de plans cooperativos previamente consensuados.

1.2. As liñas de axuda recollidas nesta base incardínanse:

-As establecidas nos artigos 5º, 6º e no caso dos gastos subvencionables do artigo 7º: gastos de investimento e de persoal derivado do investimento e no caso de que o beneficiario sexa unha PEME, gastos de consultoría, no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

-As establecidas nos artigos 4º e 7º que non se refiran a gastos de investimento, e de persoal derivado do investimento e de consultoría, no caso de que o beneficiario sexa PEME, no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro). Así mesmo, incardínase no réxime *de minimis* o importe de subvención que exceda os límites de intensidade de axuda establecidos nestas bases reguladoras, sempre e cando a acumulación non supere a intensidade máxima de axuda prevista no citado regulamento.

1.3. Os proxectos amparados polo Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) non poderán ser comezados antes da presentación da solicitude de apoio. Os proxectos presentados por empresas que non cumpran os requisitos de pequena e mediana empresa segundo o citado Regulamento (CE) nº 800/2008 terán ademais que acreditar ao Igape o efecto incentivador da subvención solicitada. Para tal efecto deberá presentar un documento onde se reflicte que a concesión da axuda suporá ben un incremento substancial no tamaño ou alcance do proxecto, ben un incremento substancial do importe total desembolsado polo beneficiario no proxecto, ben unha aceleración substancial da finalización do proxecto ou da actividade en cuestión, ou ben que, de non ser pola axuda, o proxecto de investimento non se implantaría en Galicia.

1.4. Os proxectos que teñan cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ou do Fondo Social Europeo, están sometidos ás obrigas de información e difusión establecidas na regulamentación da UE, en particular o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo (DOUE L 210/25, do 31 de xullo), Regulamento (CE) nº 1080/2006, do 5 de xullo de 2007 do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210/1, do 31 de xullo de 2007) e Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007).

1.5. A convocatoria das distintas liñas de axudas recollidas nesta base será obxecto de publicidade mediante resolución no *Diario Oficial de Galicia* en que se fixarán os créditos dispoñibles, prazo de presentación de solicitudes e documentación requirida e demais aspectos procedementais ata o pagamento e peche do expediente.

1.6. As axudas están dirixidas en xeral ao fomento da actividade económica de Galicia, sen que caiba unha regulación sectorial e sen prexuízo das actividades subvencionables en cada liña de apoio.

Artigo 2º.-*Tipo de axuda.*

2.1. Poderán concederse subvencións a fondo perdido sobre gastos subvencionables, segundo os conceptos enumerados nos artigos correspondentes para cada tipo de iniciativa.

2.2. Para estes efectos, o establecemento dos distintos límites de intensidade porcentual de subvención computarase, en todo caso, en termos de subvención bruta.

2.3. Serán subvencionables os gastos realizados e pagados conforme o establecido en cada artigo, dentro do prazo concedido para a execución dos proxectos. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que se establezan.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

3.1. Coas puntualizacións ou limitacións establecidas para cada caso no artigo correspondente, poderán ser beneficiarios as entidades sen fin de lucro, con personalidade xurídica propia (organismos intermedios), que cumpran as seguintes condicións:

a) Que estean domiciliadas en Galicia.

b) Que a súa actividade estea dirixida eminentemente ao mundo empresarial.

3.2. No caso de gastos de investimento, deberán achegar ao proxecto polo menos un 25% do seu importe, con recursos propios ou financiamento alleo, que non poderá ser obxecto de axuda ou subvención ningunha.

3.3. No caso das liñas de axuda que se recollen no devandito Regulamento (CE) nº 800/2008, non deberán estar suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión da

Unión Europea, que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3.4. En todos os casos deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

3.5. Para aquelas actividades que se atopen comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da Unión Europea sobre axudas estatais, as axudas previstas nestes artigos axustaranse en cada caso ás ditas normas específicas.

Artigo 4º.-*Axudas a iniciativas de difusión.*

4.1. Proxectos subvencionables:

a) A organización en Galicia de xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos eidos da innovación, a mellora competitiva ou a aprendizaxe.

b) A organización en Galicia de encontros empresariais entre emprendedores e *business angels* propostos por redes de investidores privados (*business angels*) formalmente establecidas.

c) A organización en Galicia de congresos internacionais ou eventos expositivos internacionais (feiras, pasarelas de moda,...).

4.2. Conceptos subvencionables.

4.2.1. Para as iniciativas previstas na letra a) do artigo 4º.1. anterior, cun límite de axuda do 70%, consideraranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de publicidade.

b) Elaboración de documentación e edición de relatorios ou publicacións.

c) Custos de contratación de relatores.

d) O IVE cando o solicitante acredite a súa exención.

4.2.2. Para as iniciativas previstas na letra b) do artigo 4º.1. anterior, o Igape poderá patrocinar a organización dos encontros, cun límite por xuntanza de 10.000 €, suxeito á xustificación de custos producidos pola organización dos encontros empresariais patrocinados, non inferior á cantidade asignada polo Igape.

4.2.3. Para as iniciativas previstas na letra c) do artigo 4.1. anterior, o Igape poderá patrocinar a organización de iniciativas do seu interese, no seo do congreso ou evento expositivo, cun límite de 50.000 €, suxeito á xustificación de custos incorridos pola organización das actividades patrocinadas, non inferior á cantidade asignada polo Igape.

4.2.4. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 € pola prestación de servizos pola empresa de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do

servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

4.3. Límites de axuda.

4.3.1. Para as iniciativas previstas na letra a) do artigo 4º.1. anterior, segundo o alcance do evento, os límites de axuda serán os seguintes:

-Provincial ou inferior: 5.000 €.

-Autonómico: 7.500 €.

-Nacional: 10.000 €.

-Internacional: 20.000 €.

4.3.2. Os gastos subvencionables serán os realizados dentro do prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda. Este prazo iniciaráse na data de presentación da solicitude e rematará na data que, á vista das características do proxecto, sexa establecida na resolución de concesión.

4.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos:

4.4.1. Para as iniciativas previstas na letra a) do artigo 4º.1. anterior, con carácter xeral cun mínimo dun 25% e ata un máximo do 70% dos gastos subvencionables, teranse en conta na avaliación e selección de proxectos e na determinación da intensidade da axuda, os seguintes criterios:

a) A participación de representantes de empresas privadas, institucións públicas e universidades no evento (0-20 puntos).

b) A singularidade da temática e as formulacións previstas (0-30 puntos).

c) O nivel contrastado dos relatores (0-20 puntos).

d) A previsión de difusión de iniciativas e programas do Igape relacionados coa temática do evento (0-20 puntos).

e) A utilización da lingua galega nos eventos subvencionados (10 puntos).

4.4.2. Para as iniciativas previstas nas letras b) e c) do artigo 4º.1. anterior, o Igape deberá xustificar a selección dos encontros empresariais e das actividades patrocinadas, de acordo cos seus obxectivos fundacionais.

4.5. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

4.6. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calque-

ra outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación do tipo de xuro e tamén con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de *minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro).

Artigo 5º.-*Proxectos de servizos mancomunados.*

5.1. Proxectos subvencionables: proxectos de creación de servizos mancomunados promovidos e dependentes do organismo intermedio para o servizo das pequenas e medianas empresas, nos eidos do control ou ensaio de produto, loxística compartida e similares.

5.2. Requisitos específicos dos beneficiarios: ademais das condicións especificadas no artigo 3º, os organismos intermedios que opten a estas tipoloxías de proxecto deberán ter carácter sectorial.

5.3. Conceptos subvencionables e intensidades de axuda:

5.3.1. Consideraranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Investimentos en equipamento e instrumental (o 40% de intensidade de axuda sobre a base subvencionable).

b) Gastos de estudos de viabilidade e de proxecto construtivo (o 50% de intensidade de axuda sobre a base subvencionable, cun límite de 10.000 €).

5.3.2. Os investimentos e gastos subvencionables serán os realizados dentro do prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que establece a resolución de concesión da axuda. Este prazo iniciarase na data de presentación de solicitude e finalizará na data que, á vista das características do proxecto, sexa establecida na resolución de concesión.

5.3.3. Os bens obxecto do investimento deberán ser de primeiro uso empresarial e adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo de vixencia, debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas. O investimento terá que manterse no centro de traballo en Galicia durante os tres anos seguintes á finalización do prazo de vixencia. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante o dito período.

5.3.4. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 € pola subministración dos bens de equipamento, o beneficiario deberá solicitar

como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

5.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos: o expediente avaliarase cos seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

a) O sector de actividade, sendo prioritarios os sectores definidos no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-20 puntos).

b) O valor do servizo en termos de cobertura de necesidades para quen se dirixe (0-15 puntos).

c) O número de asociados que representa o organismo solicitante (0-20 puntos).

d) A inexistencia previa do servizo que se desenvolverá, prestado a través de terceiros, en Galicia (0-20 puntos).

e) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (5 puntos).

5.5. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

5.6. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación ao tipo de xuro e tamén con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

Artigo 6º.-*Proxectos de benchmarking, proxectos de cualificación profesional e proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación.*

6.1. Proxectos subvencionables:

6.1.1. Proxectos de *benchmarking* empresarial en áreas concretas de innovación, tecnoloxía, xestión ou organización empresarial. Deberán ser proxectos de identificación de fontes de boas prácticas e que propoñan a implantación da boa práctica definida ou identificada nun conxunto de 5 ou máis pequenas e medianas empresas galegas participantes no proxecto.

6.1.2. Proxectos de cualificación profesional, eminentemente práctica mediante a inserción en empresas, de cara á consecución de perfís profesionais dos

que se acredite a insuficiencia de oferta e de formación específica.

6.1.2.1. Nestes proxectos, o organismo intermedio solicitante deberá contar, con polo menos, cinco pequenas e medianas empresas coas que concertar a contratación e formación do persoal que se vai cualificar, por un período máximo dun ano. Cada empresa participante poderá contratar un máximo de dúas persoas no período de vixencia.

6.1.2.2. Así mesmo, deberá prever o sistema de selección do persoal que se vai especializar, que deberá preservar os principios de publicidade, igualdade, mérito e concorrencia.

6.1.3. Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a xeración de proxectos de innovación cooperativos: proxectos que propoñan a participación dinamizada dun conxunto de pequenas e medianas empresas nun espazo físico ou virtual e, mediante unha metodoloxía definida para propiciar a intercomunicación; procuren o intercambio de experiencia, necesidades, know-how, etc. entre as Pemes participantes, co obxecto final de que xurdan entre varios dos participantes propostas de proxectos innovadores en cooperación susceptibles de presentación en convocatorias públicas.

6.2. Conceptos subvencionables e intensidades de axuda:

6.2.1. Nos proxectos de *benchmarking* empresarial previstos no artigo 6º.1.1., para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido, co límite xeral do 35% de axuda no caso de medianas empresas e do 45% no caso de pequenas empresas, consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes:

a)

a.1) Os custos de desprazamento aos centros onde se realiza a actividade obxecto de *benchmarking* dunha persoa polo organismo solicitante e dunha persoa por empresa/participante, coa condición de que as ditas persoas teñan capacidade de decisión na PEME (directivos ou mandos intermedios).

a.2) Alternativamente, os custos asociados (relatorio, desprazamento e aloxamento) á presentación en Galicia por parte de representantes das empresas coas mellores prácticas identificadas.

b) Gastos de colaboradores externos para a implantación nas Pemes das boas prácticas, cun límite de axuda de 3.000 €/PEME.

c) Gastos de persoal técnico do organismo intermedio dedicado ao proxecto en proporción á súa dedicación durante o período de vixencia.

d) Custos de colaboracións externas, no caso de que o proxecto prevexa a identificación previa das fontes das mellores prácticas cun límite de axuda de 6.000 €.

6.2.2. Nos proxectos de cualificación profesional previstos no artigo 6.1.2.:

a) Os custos de selección de aspirantes e, de ser o caso, de formación teórica introdutoria, cunha duración non superior a 3 meses. A subvención límitase ao 35% de axuda no caso de medianas empresas e ao 45% no caso de pequenas empresas, cunha subvención máxima para este conxunto de custos de 10.000 €.

b) Co límite do 35% no caso de medianas empresas e o 45% no caso de pequenas empresas dos salarios brutos, os custos de contratación nas empresas participantes dos aspirantes seleccionados, por un período máximo dun ano por contratación. A subvención máxima por contrato será de 12.000 €/ano.

6.2.3. Nos proxectos de intercambio de experiencia previstos no artigo 6.1.3.:

a) Gastos de colaboradores externos para a tutela e dinamización da intercomunicación entre empresas e para a obtención de proxectos cooperativos de innovación, ata o 35% no caso de medianas empresas e o 45% no caso de pequenas empresas, do seu custo, cun límite de subvención de 30.000 €/proxecto.

b) Gastos de persoal técnico do organismo intermedio dedicado ao proxecto en proporción á súa dedicación durante o período de vixencia, podendo incluír entre as tarefas que se van realizar a detección e selección de Pemes participantes no proxecto, ata o 35% no caso de medianas empresas e o 45% no caso de pequenas empresas, do seu custo.

6.2.4. Os gastos subvencionables serán os realizados dentro do prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda. Este prazo iniciárase na data de presentación da solicitude e rematará na data que á vista das características do proxecto sexa establecida na resolución de concesión.

6.2.5. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 € pola prestación de servizos pola empresa de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6.3. Criterios de avaliación, puntuación e selección de proxectos: o expediente avaliarase cos seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

a) A singularidade, novidade e oportunidade do obxectivo do proxecto (0-30 puntos).

b) O número de Pemes (identificadas) que participen no proxecto e a adecuación deste número ao obxecto do proxecto (0-20 puntos).

c) A experiencia do organismo intermedio en coordinación e execución de proxectos dirixidos a Pemes (0-20 puntos).

d) O carácter sectorial do proxecto, sendo neste caso prioritarios os proxectos dirixidos a algún dos sectores que figuran no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (0-20 puntos).

e) A utilización da lingua galega na actividade subvencionada (10 puntos).

6.4. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

6.5. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación ao tipo de xuro e tamén, con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

Artigo 7º.-*Agrupacións empresariais innovadoras.*

7.1. Proxectos subvencionables:

7.1.1. A elaboración de plans estratéxicos, de innovación e competitividade, ou de internacionalización, cooperativos (en diante: plans cooperativos).

7.1.2. A preparación de proxectos de innovación para concorrer a convocatorias públicas estatais ou europeas.

7.1.3. A posta en marcha e implantación de plans cooperativos previamente consensuados. O Igape convocará esta submedida, cando existan plans cooperativos aliñados.

7.2. Requisitos específicos dos beneficiarios:

a) Agrupacións empresariais galegas con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro representativas de sectores de actividade industrial maduros que, pola súa relevancia tradicional no conxunto do tecido empresarial galego, precisen dunha atención específica cara á súa permanencia e progresión futura no mercado (pedra natural, cerámica, madeira e moble, moda, conservas de peixe, agroindustrial, maquinaria para fornecer algunha destas áreas de actividade). Agrupacións empresariais galegas con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro representativas de sectores de actividade industrial de alto potencial (audiovisual, novas tecnoloxías, industria náutico-deportiva, industria auxiliar do naval, enerxías renovables, industria ambiental).

b) Grupos de empresas galegas especificamente xerados mediante acordos particulares, pertencentes a sectores de actividade emerxentes en Galicia que, polo reducido núcleo empresarial existente, carezan de agrupacións legalmente constituídas (aeronáutica, biotecnoloxía, biomecánica, biocombustibles, microelectrónica). Neste último caso, as empresas agrupadas por acordo explícito, deberán nomear un representante ante o Igape que será o titular do expediente administrativo correspondente, ata o momento en que creen unha entidade xurídica xestora, con personalidade xurídica independente, que será a beneficiaria da axuda e cuxa efectiva constitución será condición necesaria previa ao pagamento da axuda concedida.

7.3. Conceptos subvencionables e intensidades de axuda:

7.3.1. Para a elaboración de plans cooperativos:

I. Subvención do 50% sobre os custos de consultoría estratéxica, en función da avaliación de alcance e impacto estratéxico, e custo proxectado para a elaboración do plan.

II. Subvención á contratación de persoal de estrutura mínimo para a administración da agrupación no referente ao plan estratéxico. A subvención poderá acadar o 50% do salario bruto do persoal contratado cun límite dun ano e un custo máximo subvencionable (nunha ou varias persoas) de 24.000 €.

7.3.2. Para a preparación de proxectos de innovación para concorrer a convocatorias públicas estatais ou europeas: subvención de ata o 70% sobre os custos de consultoría externa, en función da avaliación de alcance, singularidade en termos de innovación e interese do proxecto que se vai preparar.

7.3.3. Para a posta en marcha e implantación de plans cooperativos previamente consensuados: subvención sobre investimentos, colaboracións externas ou custo de persoal específico para o desenvolvemento do plan ata un límite de axuda do 50% para o conxunto de accións apoiadas en cada anualidade sen que a axuda ao investimento poida superar o 45% no caso de pequenas empresas ou o 40% no caso de empresas medianas. No caso de que o beneficiario supere os límites de PEME, establécese un límite de axuda do 30% dos investimentos e custos apoiados en cada anualidade.

7.3.4. Serán subvencionables os custos realizados e pagados dentro do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión, que se iniciará coa presentación da solicitude de axuda. O remate do prazo de vixencia será o establecido na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda. No caso de investimentos en obra civil, ademais, serán subvencionables unicamente os realizados e pagados con posterioridade ao levantamento de acta notarial que reflecta o estado do proxecto.

7.3.5. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo de vixencia, debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas. O investimento e os postos de traballo apoiados terán que manterse no centro de traballo en Galicia durante os cinco anos seguintes á finalización do prazo de vixencia. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante o dito período. Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.

7.3.6. Para a determinación dos importes subvencionables, observarase os criterios e módulos de custo máximo subvencionable que poida aprobar o Consello de Dirección do Igape para os distintos conceptos, que, se é o caso, prevalecerán sobre os seus prezos de adquisición.

7.3.7. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 12.000 € pola prestación do servizo pola empresa de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas a diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

7.4. Criterios de selección de propostas e de cuantificación da axuda para a concesión de subvencións. Para a selección de propostas, teranse en conta os seguintes aspectos que debe cumprir o conxunto empresarial representado pola agrupación solicitante:

7.4.1. Áreas de actividade maduras:

a) Que representen un ámbito de actividade industrial tradicional en Galicia.

b) Que o volume de vendas conxunto supere, polo menos, o 30% do total de vendas do sector de actividade no último exercicio pechado.

c) Que o número de empresas representadas supere, polo menos, o 10% do total de empresas produtoras do sector de actividade.

7.4.2. Áreas de actividade emerxentes ou de alto potencial (deberán acreditar, polo menos, dúas das seguintes características):

a) Que representen un ámbito de actividade industrial de moi escasa implantación en Galicia e que, polo tanto, o número de empresas en Galicia dedica-

das á dita actividade industrial sexa inferior a 25 empresas.

b) Que o volume de vendas do grupo de empresas solicitante supere, polo menos, o 50% do total de vendas do sector de actividade en Galicia no último exercicio pechado.

c) Que o número de empresas agrupadas supere, polo menos, 1/3 do total de empresas produtoras en Galicia do sector de actividade representado.

7.4.3. En xeral, a utilización da lingua galega na actividade subvencionada.

7.5. O Consello de Dirección do Igape poderá eximir do cumprimento dalgún dos requisitos especificados no punto 7.4 anterior cando, pola especial configuración do sector de actividade en Galicia, sexa especialmente difícil acadar o cumprimento das porcentaxes previstas, considerando, non obstante, que o ámbito de actividade e o conxunto empresarial representado cumpren cualitativamente coas condicións de actividades maduras, emerxentes ou de alto potencial e son de representatividade salientable dentro do total da actividade en Galicia, sempre e cando existise crédito remanente unha vez atendidos os proxectos daqueles solicitantes que si cumprisen os ditos requisitos.

7.6. Coas especificidades sinaladas neste artigo, a tramitación seguirá o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

7.7. A subvención ao abeiro deste artigo para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape. Será compatible, non obstante, con programas de axuda financeira do instituto como pode ser, entre outros, a subsidiación do tipo de xuro e con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda os límites establecidos no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) no caso de gastos de investimento e de persoal derivado do investimento e no caso de que o beneficiario sexa unha PEME os gastos de consultoría; e os límites do Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro) no caso de gastos que non se refiran a gastos de investimento e de persoal derivado do investimento e de consultoría no caso de que o beneficiario sexa unha PEME. Así mesmo, incardinarase no réxime *de minimis* o importe de subvención que exceda os límites de intensidade de axuda establecidos nestas bases reguladoras, sempre e cando a acumulación non supere a intensidade máxima de axuda prevista no citado regulamento.



ANEXO I (PÁXINA 1 DE 2)



PROCEDEMENTO <input type="checkbox"/> PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL <input type="checkbox"/> PROXECTOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA NAS PEMES <input type="checkbox"/> AXUDAS A PROXECTOS COLABORATIVOS DE CARÁCTER EMPRESARIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC406C EC406I EC406J	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	-------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF/NIF	
[]		[]	
ACTIVIDADE	ENDEREZO ELECTRÓNICO		
[]	[]		
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL			DNI
[]			[]
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]

INCENTIVOS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA (Sinalar só un recadro)

BASE REGULADORA DOS INCENTIVOS A PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL

- IG103 - Proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes.
- IG104 - Proxectos dirixidos a mellorar a organización das pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión de proceso soporte e cadros de mando.

BASE REGULADORA DAS AXUDAS A PROXECTOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA NAS PEMES

- IG108 - Estudos, asistencia técnica e preparación de proxectos.
- IG109 - Proxectos de deseño.
- IG148 - Incentivos á formación empresarial.
- IG113 - Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto.

BASE REGULADORA DE AXUDAS A PROXECTOS COLABORATIVOS DE CARÁCTER EMPRESARIAL

- IG114 - Iniciativas de difusión.
- IG115 - Proxectos de servizos mancomunados.
- IG116 - Proxectos de *benchmarking* empresarial.
- IG117 - Proxectos de cualificación profesional.
- IG118 - Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación.
- IG119 - AEI: proxectos de elaboración de plans estratéxicos, de innovación e competitividade, ou de internacionalización, cooperativos.
- IG121 - AEI: preparación de proxectos de innovación para concorrer a convocatorias públicas estatais ou europeas.
- IG122 - AEI: posta en marcha e implantación de plans cooperativos previamente consensuados.

Para os incentivos en concorrencia competitiva desta páxina e para o programa IG107 da páxina seguinte, non debe entregar NINGUNHA DOCUMENTACIÓN á parte desta solicitude, e debe indicar a seguir, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda á formalización de solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
[]	[]

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

ANEXO I (PÁXINA 2 DE 2)



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL



FONDO SOCIAL EUROPEO

INCENTIVOS EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA

BASE REGULADORA DOS INCENTIVOS A PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL

- IG100-Proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 €.
- IG101-Proxectos a servizos avanzados intensivos en emprego.
- IG107-Proxectos empresariais de novos emprendedores.

Para os programas IG100 e IG101: documentación que se acompaña en orixinal ou copia cotexada (artigo 1.3º do cap. II bases de tramitación):

I. Sociedades constituídas: CIF / DNI do asinante da solicitude

- Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores dos mencionados.
- Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.
- Imposto de sociedades dos tres últimos exercicios, dilixenciado na Axencia Tributaria.
- fÚltimo recibo pagado polo imposto de actividades económicas, ou declaración responsable segundo art. 1.3.I.f
- Declaración de cumprimento de requisitos, segundo o modelo establecido no anexo A.

II. No caso de sociedades en constituición: DNI do/s promotor/es.

- Certificado de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituír.
- Proxecto de estatutos da sociedade.

III. Acreditación de emprego:

- Fotocopia TC1 e TC2 dos 3 meses anteriores á data de presentación da solicitude de todos os centros de traballo da empresa en Galicia.
- Certificado de afiliados adscritos ás ctas. de cotización da empresa por tipos de contrato, e de todos os centros de traballo, na data de solicitude.

IV. Memoria descritiva do investimento proxectado segundo o modelo normalizado establecido polo Igape.

V. Planos

VII. INDICAR OUTRA DOCUMENTACIÓN:

Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática

(Para utilizar esta opción debe dispoñer de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado).

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente o Igape:

-Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.

-Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos.

-Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

-Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

-Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 5 de febreiro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras dos incentivos económicos e as bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica, adaptándoas ao Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, xeral de exención por categorías, e se procede á convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, de determinadas liñas de axuda previstas nestas bases.

SINATURA E SELO DO/A SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

, de de

Presidente do Igape

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN

SELO DE REGISTRO DE ENTRADA

NUMERO DE EXPEDIENTE

*ANEXO II***Sectores prioritarios**

1. Sector auxiliar de automoción.
2. Industria da madeira.
3. Industria de transformación agroalimentaria.
4. Sector moda (confección e complementos).
5. Industria aeronáutica e auxiliar.
6. Sector náutica deportiva e de recreo e auxiliar de náutica deportiva e de recreo.
7. Sector químico e industria farmacéutica.
8. Fabricación de material sanitario.
9. Biotecnoloxía, biomecánica.
10. Fabricación de equipamentos ambientais.
11. Fabricación de equipamentos e sistemas para instalacións de enerxías renovables.
12. Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.
13. Servizos e desenvolvemento de software.
14. Sector audiovisual e desenvolvemento de contidos.
15. Centros telemáticos.

*ANEXO III***Comarcas de Ferrol, Eume e Ortega**

Para os proxectos que se van implantar nos municipios de:

- A Capela.
- As Pontes de García Rodríguez.
- Ares.
- Cabanas.
- Cariño.
- Cedeira.
- Cerdido.
- Fene.
- Ferrol.
- Mañón.
- Moeche.
- Monfero.
- Mugardos.
- Narón.
- Neda.
- Ortigueira.
- Pontedeume.
- San Sadurniño.
- As Somozas.
- Valdoviño.

Adoptaranse as seguintes medidas de prioridade específica:

1. Nas publicacións de crédito asignado ás convocatorias estableceranse reservas de crédito específicas para proxectos que se van desenvolver nestas comarcas.

2. Nos criterios de avaliación e selección de proxectos, o criterio de localización avaliarase co valor máximo para os proxectos que se van desenvolver nestas comarcas.

3. Ademais dos sectores prioritarios xerais, establecidos no anexo II, nestas comarcas consideraranse e ponderaranse como prioritarios os proxectos que se van desenvolver nas actividades seguintes:

- Industria eólica.
- Turismo.
- Loxística.
- Diversificación naval e industria auxiliar do naval.
- Biomasa.

4. Para proxectos de primeira implantación en Galicia, garátese unha axuda mínima do 20% do investimento subvencionable nos proxectos previstos no artigo 4º.1. e para proxectos de creación de establecementos que non sexan considerados de primeira implantación, ampliación, modernización ou innovación tecnolóxica do mesmo artigo, garátese unha axuda mínima do 15% dos custos subvencionables.

5. Nos proxectos de investimento empresarial o investimento mínimo previsto no artigo 4º.1. da base de incentivos a proxectos de investimento empresarial redúcese a 200.000 €.

*ANEXO IV***Municipios da Costa da Morte**

Para os proxectos que se van implantar nos municipios de:

- A Laracha.
- Cabana de Bergantiños.
- Camariñas.
- Carballo.
- Carnota.
- Cee.
- Corcubión.
- Coristanco.
- Dumbría.
- Fisterra.
- Laxe.
- Malpica de Bergantiños.
- Mazaricos.
- Muros.
- Muxía.
- Ponteceso.
- Santa Comba.
- Vimianzo.
- Zas.

Adoptaranse as seguintes medidas de prioridade específica:

1. Nas publicacións de crédito asignado ás convocatorias estableceranse reservas de crédito específicas para proxectos que se van desenvolver nestas comarcas.

2. Nos criterios de avaliación e selección de proxectos, o criterio de localización avaliarase co valor máximo para os proxectos que se van desenvolver nestas comarcas.

3. Para proxectos de primeira implantación en Galicia, garántese unha axuda mínima do 20% do investimento subvencionable nos proxectos previstos no artigo 4º.1. e para proxectos de creación de establecementos que non sexan considerados de primeira implantación, ampliación, modernización ou innovación tecnolóxica do mesmo artigo, garántese unha axuda mínima do 15% dos custos subvencionables.

4. Nos proxectos de investimento empresarial o investimento mínimo previsto no artigo 4º.1. da base de incentivos a proxectos de investimento empresarial redúcese a 200.000 €.

ANEXO V Comarca de Valdeorras

Para os proxectos que se van implantar nos municipios de:

A Veiga.
A Rúa.
Carballeda de Valdeorras.
Larouco.
O Barco de Valdeorras.
O Bolo.
Petín.
Rubiá.
Vilamartín de Valdeorras.

Adoptaranse as seguintes medidas de prioridade específica:

1. Nas publicacións de crédito asignado ás convocatorias estableceranse reservas de crédito específicas para proxectos que se van desenvolver nestas comarcas.

2. Nos criterios de avaliación e selección de proxectos, o criterio de localización avaliarase co valor máximo para os proxectos que se van desenvolver nesta comarca.

3. Para proxectos de primeira implantación en Galicia, garántese unha axuda mínima do 20% do investimento subvencionable nos proxectos previstos no artigo 4º.1. e para proxectos de creación de establecementos que non sexan considerados de primeira implantación, ampliación, modernización ou innovación tecnolóxica do mesmo artigo, garántese unha axuda mínima do 15% dos custos subvencionables.

4. Nos proxectos de investimento empresarial o investimento mínimo previsto no artigo 4º.1. da base de incentivos a proxectos de investimento empresarial redúcese a 200.000 €.

ANEXO VI Localizacións preferentes

Provincia da Coruña

Abegondo	Dodro	Paderne
Aranga	Dumbría	Padrón
Arzúa	Fisterra	Pino, O
Baña, A	Frades	Ponteceso
Betanzos	Irixoa	Pontes de García
		Rodríguez, As
Boimorto	Laracha, A	Porto do Son

Boqueixón	Laxe	Rois
Brión	Lousame	San Sadurniño
Cabana de Bergantiños	Malpica de Bergantiños	Santa Comba
Camariñas	Mañón	Santiso
Capela, A	Mazaricos	Sobrado
Carballo	Melide	Somozas, As
Cariño	Mesa	Toques
Carnota	Moeche	Tordoiá
Cedeira	Monfero	Touro
Cee	Muxía	Trazo
Cerceda	Muros	Val do Dubra
Cerdido	Negreira	Valdoviño
Cesuras	Noia	Vedra
Coirós	Ordes	Vilasantar
Corcubión	Ortigueira	Vilamaior
Coristanco	Outes	Vimianzo
Curtis	Oza dos Ríos	Zas

Provincia de Lugo

Abadín	Guitiriz	Pol
		Pontenova, A
Alfoz	Guntín	Portomarín
Antas de Ulla	Incio, O	Quiroga
Baleira	Láncara	Rábade
Baralla	Lourenzá	Ribadeo
Barreiros	Meira	Ribas de Sil
Becerreá	Mondoñedo	Ribeira de Piquín
Begonte	Monforte de Lemos	Riotorto
Bóveda	Monterroso	Samos
Burela	Muras	Sarria
Carballedo	Navia de Suarna	Saviñao, O
Castro de Rei	Negreira de Múñiz	Sober
Castroverde	Nogais, As	Taboada
Cervantes	Ouro	Trabada
Cervo	Outeiro de Rei	Triacastela
Corgo, O	Palas de Rei	Valadouro, O
Cospeito	Pantón	Vicedo, O
Chantada	Paradela	Vilalba
Folgo do Courel	Páramo, O	Viveiro
Fonsagrada, A	Pastoriza, A	Xermade
Foz	Pedrafita do Cebreiro	Xove
Friol	Pobra do Brollón, A	

Provincia de Ourense

Allariz	Gomesende	Quintela de Leirado
Amoeiro	Gudiña, A	Rairiz de Veiga
Arnoia, A	Irixo, O	Ramirás
Avión	Larouco	Ribadavia
Baltar	Laza	Riós
Bande	Leiro	Rúa, A
Baños de Molgas	Lobeira	Rubiá
Barco de Valdeorras, O	Lobios	San Amaro
Beade	Maceda	San Cristovo de Cea
Beariz	Manzaneda	San Xoán de Río
Blancos, Os	Maside	Sandiás
Boborás	Melón	Sarreaus
Bola, A	Merca, A	Taboadela
Bolo, O	Mezquita, A	Teixeira, A
Calvos de Randín	Montederramo	Toén
Carballeda de Avia	Monterrei	Trasmiras
Carballeda de Valdeorras	Muños	Veiga, A
Carballiño, O	Nogueira de Ramuín	Verea
Cartelle	Ombra	Verín
Castro de Miño	Paderna de Allariz	Viana do Bolo
Castro do Val	Padrenda	Vilamarín
Castro Caldelas	Parada de Sil	Vilamartín de Valdeorras
Gelanova	Pereiro de Aguiar, O	Vilar de Barrio
Genlle	Peroxa, A	Vilar de Santos
Coles	Petín	Vilardevós
Cortegada	Piñor	Vilariño de Conso
Cualedro	Porqueira	Xinzo de Limia
Chandrexa de Queixa	Pobra de Trives, A	Xunqueira de Ambía
Entrimo	Pontedevea	Xunqueira de Espadanedo
Esgos	Punxín	

Provincia de Pontevedra

Agolada	Forcarei	Rodeiro
Arbo	Fornelos de Montes	Salvaterra de Miño
Barro	Lama, A	Silleda
Campo Lameiro	Lalín	Vila de Cruces
Cañiza, A	Meis	Valga
Catoira	Mondariz	
Cerdedo	Mondariz-Balneario	
Cotobade	Moraña	
Covelo	Neves, As	



ANEXO VII
SOLICITUDE DE COBRAMENTO
INCENTIVOS ECONÓMICOS DO IGAPE



EXPEDIENTE

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

TITULAR <input style="width: 100%;" type="text"/>			CIF/NIF <input style="width: 100%;" type="text"/>
ENDEREZO <input style="width: 100%;" type="text"/>			TELÉFONO <input style="width: 100%;" type="text"/>
DATA RESOLUCIÓN <input style="width: 100%;" type="text"/>	IMPORTES SUBVENCIONABLES APROBADOS (EUROS) <input style="width: 100%;" type="text"/>	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS) <input style="width: 100%;" type="text"/>	DATA DE REMATE DO PRAZO DE VIXENCIA <input style="width: 100%;" type="text"/>

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación de axuda para cubrir o cuestionario de liquidación e o seu código de comprobación. Non é obrigatorio o IDEL para os programas IG100 e IG101.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS <input style="width: 100%;" type="text"/>	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN <input style="width: 100%;" type="text"/>
---	---

O/A solicitante declara que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude de cobramento.

Nota: este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

Don/Dona con DNI nº ,

actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o e o incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por un importe de (euros).

Os ditos gastos, cuxa relación se xunta segundo o modelo 1 deste anexo, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa e, se é o caso, os activos fixos correspondentes aos investimentos incorporáronse ao patrimonio da empresa.

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución da axuda.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada esta entidade solicitou

e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
CONCEDIDAS	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
SOLICITADAS	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
AXUDAS EN RÉXIME DE MINIMIS DOS TRES EXERCICIOS ANTERIORES	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>
	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%;" type="text"/>

Que a entidade se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á empresa , de acordo coa xustificación achegada, o

importe de euros, ingresándose na conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa.

_____, de _____ de _____
(Sinatura da representante)

Bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape

Estas bases apróbanse ao abeiro do artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A dita lei será de aplicación supletoria ao establecido nelas.

As bases desenvólvense en dous capítulos. O primeiro, que será o procedemento de xeral aplicación, refírese á tramitación dos procedementos en réxime de concorrencia competitiva. O capítulo segundo, que establece a tramitación en concorrencia non competitiva, prevese para liñas de axuda ao investimento singularizadas polas especificidades dos proxectos e das súas necesidades de financiamento.

CAPÍTULO I

TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Artigo 1º.-*Presentación de solicitudes.*

1.1. As convocatorias de axudas que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

1.2. Para presentar unha solicitude de axuda os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. A instrución e resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no citado cuestionario, que serán obxecto de acreditación documental no momento da aceptación da subvención de ser o caso concedida e en calquera caso previamente a calquera aboamento de subvención.

1.3. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

1.4. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo I das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, nas que será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación.

1.5. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

1.6. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

1.7. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como específica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación, consonte o citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da noti-

ficación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (comprobante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro.

1.8. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no cuestionario. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante. As modificacións da solicitude inicial, deberán ser presentadas utilizando a aplicación de axuda para xerar un cuestionario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas aclaracións.

1.9. Para seren beneficiarios das axudas, os solicitantes ademais de reunir os requisitos establecidos para cada programa de axuda deberán cumprir o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2º.-Instrución do procedemento.

2.1. A solicitude de axuda será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos ao proxecto declarados no cuestionario descritivo do proxecto anexo a esta. No caso que as bases reguladoras establezan como requisito de subvencionabilidade do proxecto de investimento a confirmación por escrito do Igape de que, suxeito ao resultado final derivado dunha verificación detallada, o proxecto cumpre as condicións de subvencionabilidade establecidas nestas bases, os servizos técnicos realizarán esta análise e comunicación, previamente á baremación do proxecto.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e emitido informe dos expedientes polos servizos técnicos, serán obxecto de avaliación conxunta por unha comisión presidida por un director de área do Igape e formada por polo menos dous vogais designados de entre o persoal técnico do Igape, dos cales un deles fará as funcións de secretario.

2.3. Unha vez avaliadas as solicitudes, a proposta de resolución será elevada ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

2.4. A concesión de subvencións por importe superior a 3.000.000 de euros requirirá a autorización do Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 3º.-Resolución.

3.1. Na resolución de concesión de axuda farase constar o importe do gasto subvencionable que hai que xustificar, a contía e porcentaxe da subvención concedida, as condicións e prazos de execución previstos no proxecto subvencionado, o prazo estableci-

do para o cumprimento de todas as condicións da subvención, así como a obriga por parte do perceptor da subvención de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análogo da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e, no caso de ter cofinanciamento dos Fondos da Unión Europea, pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ou Fondo Social Europeo. Así mesmo, poderán establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto e a súa xustificación.

3.2. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación. Cando o motivo da denegación resulte de non acadar os puntos de avaliación necesarios no proceso de selección, explicitarase a puntuación acadada así como o posto de reserva que lle corresponde na lista de espera elaborada co fin de que, de producirse desistencias ou renuncias entre os proxectos aprobados, poidan ser propostos para concesión por estrita orde de puntuación acadada. A dita lista de espera terá unha caducidade de seis meses desde a resolución do procedemento.

3.3. En virtude do establecido no artigo 59.6º b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as resolucións dos procedementos serán obxecto de publicación na páxina web do Igape <http://www.igape.es>, enderezo electrónico que será igualmente válido para comunicar calquera incidencia posterior na tramitación do procedemento.

3.4. As resolucións de concesión serán notificadas ao solicitante naquela parte que o afecta. O beneficiario terá un prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación cubrindo a dilixencia que se anexe, así como a presentación da documentación (en orixinal ou copia cotexada) especificada na resolución de concesión, que con carácter xeral será a seguinte, salvo que xa conste presentada no expediente:

a) DNI do representante legal do beneficiario, asinante da dilixencia de aceptación. No caso de aceptación mediante representación: escritura de poder de representación suficiente, se é o caso inscrito no Rexistro Mercantil.

b) No caso de persoas xurídicas: escritura ou documento xuridicamente válido de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.

c) No caso de persoas xurídicas, poder de representación inscrito, de ser o caso, no rexistro competente do asinante da dilixencia de aceptación.

d) Calquera outra documentación necesaria para efectos da liquidación que voluntariamente decida anticipar.

3.5. Persoas xurídicas en constitución. Cando a concesión recaia sobre unha persoa xurídica en constitución, na resolución individual outorgase

un prazo máximo de 3 meses desde a aceptación da resolución de concesión, para que o beneficiario presente a documentación acreditativa da súa constitución e as circunstancias rexistradas, no caso de que non fose presentada anteriormente. O dito prazo poderá ser prorrogado de oficio ou por instancia do beneficiario por un período que non superará a metade do inicialmente acordado, sempre que existan causas xustificadas. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior ou, se é o caso, as prórrogas concedidas a este, sen ter presentado a documentación, terase ao interesado por decaído nos seus dereitos e ditarase resolución de arquivo.

3.6. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

3.7. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nas bases reguladoras da axuda, nestas bases de tramitación e demais disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

3.8. Transcorrido o prazo de aceptación sen que se produciise manifestación expresa, a axuda entenderase tacitamente aceptada salvo que non se entregase a documentación requirida. Neste último caso archivarase o expediente, logo de resolución ditada polo director da área do Igape competente na tramitación.

3.9. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución do expediente será de seis meses contados desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditado resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

Artigo 4º.-*Recursos.*

4.1. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer contra elas recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, na forma e prazo previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución.

4.2. Potestativamente e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, recurso de reposición, que resolverá o mesmo

órgano que ditou o acto administrativo impugnado, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outras persoas ou entidades posibles interesadas.

Artigo 5º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

5.1. Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto subvencionado dentro dos prazos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nestas bases ou demais normativa de aplicación. En casos xustificadas, os prazos poderán ser prorrogados por instancia do interesado.

b) Acreditar ante o Igape a realización do gasto subvencionado, presentando toda a documentación xustificativa da realización do proxecto nos termos establecidos na resolución de concesión e o cumprimento das condicións, se é o caso, impostas. Salvo que as bases reguladoras de cada liña de subvención establezan o contrario para casos particulares, os gastos incorridos polo beneficiario deberán ser xustificadas mediante a presentación de escrituras de adquisición, facturas orixinais e comprobantes do seu pagamento efectivo emitidos por entidades financeiras, non admitindo pagamentos en efectivo salvo para importes xustificadas mediante recibos asinados por importe que non superará os 3.000 € por provedor.

c) Acreditar ante o Igape que se atopa ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Neste sentido, a presentación da solicitude de axuda polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderanlles ser requiridos ao interesado.

d) Cumprir as demais condicións establecidas na resolución de concesión, nas bases reguladoras de cada liña de axuda e nestas bases.

e) Adoptar as medidas de difusión da concesión da axuda ou subvención que sexan establecidas na resolución. No caso de cofinanciamento europeo, dar a adecuada publicidade deste, nos termos que resulten da resolución de concesión e da normativa da Unión Europea, especialmente o establecido no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello e demais normativa concordante.

f) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais

como comunitarios, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Estas actividades de comprobación poderán ser entre outras:

-Visitas ás instalacións en que se realizou o proxecto.

-Acceso a toda a documentación relacionada co proxecto.

-Acceso aos rexistros internos da empresa, en que se basean as xustificacións técnicas e administrativas.

g) Comunicarlle ao Igape a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, coa solicitude de cobramento da subvención. O importe da subvención non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto subvencionado ou as porcentaxes máximas de subvención establecidas nas bases reguladoras da axuda, ou as permitidas na normativa autonómica, estatal ou comunitaria.

h) Dispoñer, se é o caso, dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos na resolución de concesión.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control; isto é, por non ter prescrito o prazo de 4 anos desde o cumprimento de condicións, sen prexuízo dos prazos específicos que se establezan en virtude da normativa da UE no control da aplicación de fondos comunitarios.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos de resolución de incumprimento.

k) Cumprir, de ser o caso, o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para os gastos subvencionables, de conformidade co establecido na resolución de concesión da axuda.

5.2. O incumprimento das citadas obrigas poderán dar lugar á revogación da concesión e, se é o caso, ao reintegro do indebidamente percibido e aos seus xuros de mora.

Artigo 6º.-*Incidencias e modificacións do proxecto.*

6.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á

súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

6.2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foron concedidas as ditas axudas. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para o mesmo proxecto no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

6.3. En caso de modificación do proxecto aprobado, o beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución. No caso de que a modificación solicitada afecte os datos declarados no cuestionario, deberá cubrir previamente un novo cuestionario descritivo do proxecto na aplicación de axuda na internet, e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación. As solicitudes de modificación do prazo de execución do proxecto (prazo de vixencia) non precisarán cubrir un novo cuestionario.

6.4. O órgano con competencia para resolver o expediente poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprir-se os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

6.5. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente no que se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Artigo 7º.-*Xustificación.*

7.1. A xustificación ante o Igape da execución do proxecto e do cumprimento de todas as condicións establecidas na resolución de concesión realizaraa o beneficiario como máximo dentro dos dous meses seguintes ao vencemento do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión para a súa execución.

A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.2. Nos casos en que a resolución de concesión de axuda sexa ditada baseándose nas declaracións relativas ao proxecto contidas na solicitude, en trámite de xustificación deberá acreditarse documentalmen-

te o cumprimento dos extremos declarados, mediante a presentación da solicitude de cobramento e a documentación en orixinal ou copia cotexada que para tal efecto se especifique na resolución de concesión. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro das cantidades previamente aboadas.

7.3. Salvo os expedientes tramitados de conformidade co capítulo II destas bases, para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente o cuestionario de liquidación. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

A solicitude de cobramento presentarase mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo VII das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, no que será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas.

O beneficiario presentará a solicitude de cobramento co IDEL no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderá asinar electronicamente o formulario de solicitude de cobramento co IDEL e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, sempre que cumpra os requisitos previstos no artigo 1.7 e que a documentación que acompañe a solicitude de cobramento sexa apta para a súa presentación telemática. Neste último caso, a aplicación de xeración de cuestionarios de liquidación permitirá xuntar estes documentos e remitilos electronicamente.

7.4. A acreditación da realización de investimentos e gastos, xustificarse mediante escritura de adquisición, factura ou documento probatorio similar e a transferencia bancaria de aboamento ao provedor ou recibo nos casos permitidos nestas bases.

7.5. Cando na resolución de concesión se fixasen prazos parciais para que o beneficiario acredite a

execución, como mínimo, dunha determinada porcentaxe do gasto subvencionado ou o cumprimento doutras condicións, o seu incumprimento significará o inicio dun expediente que poderá finalizar coa revogación da axuda.

7.6. No caso de que existan razóns xustificadas para o atraso no cumprimento de condicións, os prazos de execución que se establezan na resolución, poderán ser ampliados por instancia do beneficiario mediante resolución expresa e motivada.

7.7. Nos casos en que a xustificación documental resulte insuficiente para acreditar o importe e a realización de determinados gastos, o Igape poderá solicitar que se presente informe de auditoría independente, que será obrigatorio cando os gastos subvencionables superen 1.200.000 euros.

7.8. Para os efectos de que o Igape expida informe positivo de cumprimento de condicións do proxecto será necesario, se é o caso, a acreditación polo beneficiario de ter obtido as autorizacións administrativas que correspondan ao seu proxecto.

7.9. Sen necesidade de instar procedemento de incumprimento ou modificación da subvención, o Igape poderá aceptar variacións nos diversos capítulos de gastos aprobados, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20% de cada capítulo e que, no seu conxunto, non varíe o importe total de gasto aprobado nin da axuda concedida, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

7.10. Así mesmo, sen necesidade de instar procedemento de incumprimento ou modificación, poderase axustar o aboamento da subvención ao gasto efectivamente xustificado nos casos en que, téndose executado o proxecto subvencionado e cumpríndose todas as condicións establecidas, unicamente se tivese xustificado un gasto inferior ao aprobado, sempre que conste a conformidade expresa do beneficiario e o proxecto efectivamente xustificado non desvirtúe a concesión inicial.

7.11. En caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase a entidade beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días, advertíndolle que o incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente comportará o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-Aboamento das subvencións.

8.1. Con carácter xeral, o aboamento das subvencións realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización total do proxecto e o cumprimento das condicións. Dentro do prazo máximo de dous meses seguintes á finalización do prazo de vixencia establecido na concesión, deberá acreditarse a execución da totalidade do proxecto e o cumprimento das condicións, se é o caso, establecidas na

resolución. O cobramento solicitarase como liquidación única da subvención, salvo que na resolución de concesión fosen establecidas anualidades. Neste último caso os gastos correspondentes a cada anualidade deberán ser imputados ao orzamento concedido para cada ano, procedendo noutro caso iniciar expediente de incumprimento.

8.2. Así mesmo, poderase efectuar o pagamento da subvención, dentro do prazo de vixencia, aínda cando quede pendente de acreditar algunha condición, unha vez xustificada a execución da totalidade do gasto do proxecto subvencionado e o cumprimento daquelas condicións cuxo prazo venceuse con anterioridade á presentación da solicitude de cobramento. Neste caso, o cobramento da subvención estará condicionado á previa presentación de garantías. Deberase presentar garantía constituída mediante aval solidario de entidade financeira ou outra garantía suficiente, depositada na Caixa Xeral de Depósitos, que cubra o importe do pagamento e dos seus xuros calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente na data do informe de cumprimento de condicións e polo prazo que medie entre a data de solicitude de cobramento e, como mínimo, aquela en que se cumpran seis meses da fin do prazo final de vixencia prevista na resolución de concesión. Cando o beneficiario acredite que foron cumpridas todas as condicións da resolución individual, autorizarase o levantamento do aval.

8.3. Se o beneficiario tivese acreditado en prazo a execución do proxecto e o cumprimento das condicións da subvención e solicitadas as autorizacións administrativas para exercer a actividade subvencionada que, se é o caso, legalmente correspondesen, poderá solicitar ao Igape o aboamento da subvención e o outorgamento dun prazo para acreditar a obtención das citadas autorizacións pendentes. O Igape poderá aprobar o dito pagamento, logo de informe das administracións competentes para expedir as citadas autorizacións, contra a constitución polo beneficiario de garantía mediante aval solidario de entidade financeira ou outra garantía suficiente, depositada na Caixa Xeral de Depósitos que cubra o importe do pagamento e dos seus xuros calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente na data de resolución de concesión da nova condición e polo prazo que medie entre a data da solicitude de cobramento e a finalización do prazo concedido que non poderá exceder os dous anos, salvo prórroga expresa concedida en atención ás circunstancias do expediente.

8.4. En calquera caso, o réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8.5. Logo de solicitude do beneficiario, poderán realizarse pagamentos parciais ou anticipos de pagamentos das axudas concedidas nos supostos e de conformidade cos requisitos e límites establecidos no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas garantías establecidas no artigo 17

do citado decreto. No caso de subvencións de capital autorízase a que os anticipos acaden ata o 50% do importe da subvención concedida.

Artigo 9º.-*Incumprimento.*

9.1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá a revogación da axuda e, se é o caso, o reintegro total ou parcial da contía percibida e os xuros de mora producidos desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nestas bases.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) Incumprimento de adoptar as medidas de difusión que se impuxeran na resolución de concesión.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou calquera dos seus órganos, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais casos previstos na normativa reguladora da subvención.

i) A nulidade da resolución de concesión polas causas establecidas no artigo 32 ou ter incorrido nalgun-

ha das causas de reintegro do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou doutras entidades públicas ou privadas, supere o custo do proxecto ou as porcentaxes máximas de axuda establecidas nas bases reguladoras de cada liña de axuda.

9.3. O procedemento de incumprimento iniciará de oficio o órgano do Igape que ditou a resolución de concesión, ben por iniciativa propia, logo de informe dos servizos do Igape competentes na xestión ou liquidación dos expedientes, ou como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia ou por denuncia, mediante a comunicación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e as súas posibles consecuencias. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou presentar documentos e outros elementos de xuízo.

9.4. Incumprimento parcial. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro do indebidamente percibido e os seus xuros de mora de acordo cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo, se é o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50% da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de mora. Excepcionalmente, o Consello de Dirección do Igape poderá autorizar un incumprimento parcial distinto cando as súas causas quedasen suficientemente xustificadas e non se desvirtuase a finalidade da subvención.

b) En caso de que o incumprimento se refira á obtención da subvención por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere os topes máximos legalmente permitidos, procederá o reintegro do exceso obtido sobre os ditos topes máximos.

c) Se o incumprimento derivase da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos previstos nos puntos anteriores, o seu alcance será determinado en función do grao e da entidade da condición incumplida.

d) A concorrencia de distintas causas de incumprimento ou incidencias dará lugar á aplicación a cada unha delas das regras previstas neste punto.

e) Procederá declarar a revogación total da axuda cando o incumprimento se refira aos requisitos establecidos en cada caso para obter a condición de beneficiario.

9.5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerá de manifesto aos interesados, que disporán dun prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

9.6. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación por parte do beneficiario, o órgano competente ditará a resolución que proceda, pronunciándose sobre o alcance do incumprimento e, se é o caso, a obriga de reintegro das cantidades percibidas.

9.7. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sobre incumprimento será de doce meses computados desde o acordo de iniciación. Se pasado o dito prazo, non se tivese notificada a resolución, entenderase caducado o procedemento, sen prexuízo de que se notifique a resolución declarando a dita circunstancia de caducidade e ordenando o arquivo de actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procedéndose a incoar novo expediente mentres non prescriba o dereito a iso.

9.8. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare a dita circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puidesen ser constitutivos de infracción administrativa segundo o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.9. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorreren as causas previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra causa de reintegro.

9.10. As cantidades que se van reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e será de aplicación o establecido para o reintegro nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Publicación de concesións e sancións.*

10.1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Promoción Económica publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, www.igape.es, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación nos citados medios.

10.2. De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, o Igape publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nestas bases, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade, e a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 11º.-*Rexistros públicos de axudas, subvencións, convenios e sancións.*

De acordo co disposto no artigo 6 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a presentación da solicitude de axuda suporá de xeito obrigado o consentimento expreso do interesado ao Igape para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no citado decreto, os datos relevantes segundo a enumeración establecida no artigo 4 do citado decreto, referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto ao contido deses rexistros do xeito establecido no artigo 10 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Artigo 12º.-*Control e comprobación das axudas.*

12.1. Sen prexuízo da comprobación material previa ao pagamento, da realidade dos gastos subvencionados que proceda, anualmente elaborárase en coordinación coa Intervención Xeral da comunidade autónoma un plan de comprobación de axudas e subvencións, cos criterios que para tal efecto se establezan.

12.2. Así mesmo, os beneficiarios sométense ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, así como ás que poida efectuar, se é o caso, a Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, no suposto de cofinanciamento das axudas con fondos europeos.

Neste sentido os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos ditos organismos.

12.3. No non previsto nos parágrafos anteriores considerárase o establecido no título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Interpretación.*

Corresponde ao director xeral do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das normas de tramitación previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Artigo 14º.-*Silencio administrativo.*

As solicitudes que non fosen resoltas nos prazos que se establecen nestas bases poderán considerarse desestimadas.

CAPÍTULO II

TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA

Artigo 1º.-*Presentación de solicitudes.*

1.1. As convocatorias de axudas realizadas ao abeiro do número 2º do artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que non precisen realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4º da citada lei, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

1.2. As solicitudes das axudas presentaranse segundo o modelo que figura como anexo I das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou en calquera das formas previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

1.3. A solicitude acompañarase da seguinte documentación en orixinal ou copia cotexada:

I. Para sociedades constituídas:

- a) CIF.
- b) DNI do asinante da solicitude.
- c) Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores.
- d) Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.
- e) Imposto de sociedades dos tres últimos exercicios, dilixenciado na Axencia Tributaria.

f) Último recibo pagado polo imposto de actividades económicas. No caso de empresas de nova creación, deberán xuntar a alta no IAE ou declaración responsable que inclúa o compromiso de darse de alta no IAE indicando a epígrafe correspondente, así como de remitir o documento de alta antes de enviar ao Igape a solicitude de cobramento ou ben acompañando esta.

g) Declaración de cumprimento de requisitos segundo o modelo establecido no anexo A das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

II. No caso de sociedades en constitución:

a) DNI do promotor/es.

b) Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituír.

c) Proxecto de estatutos da sociedade.

III. Acreditación de emprego:

a) Fotocopia dos TC1 e TC2 dos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda de todos os centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de afiliados adscritos ás contas de cotización da empresa por tipos de contrato, e de todos os centros de traballo da empresa, na data de solicitude da axuda.

IV. Memoria descritiva do investimento proxectado segundo o modelo normalizado establecido polo Igape.

V. Planos.

VI. Calquera outra documentación ou información adicional que considere conveniente para unha correcta análise da solicitude.

1.4. Poderase excluír aquela documentación que conste xa actualizada no Igape, debendo o solicitante especificar o número de expediente en que anteriormente foi presentada.

1.5. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlle requiridos ao interesado.

1.6. Se coa solicitude non se presentase a documentación exixida nestas bases, requirirase o interesado para que nun prazo de 10 días hábiles desde o seguinte ao da recepción do requirimento corrixa a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que en caso contrario, considerarase desistido da súa petición, ditándose a correspondente resolución de arquivo, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e cos efectos previstos no artigo 42.1º da dita Lei. Este prazo, cando existan causas xustificadas, poderá ser prorrogado de oficio ou por instancia de parte por un período que

non exceda a metade do inicial. O requirimento de documentación suspenderá o prazo para resolver.

1.7. No caso que o Igape poña á disposición dos solicitantes das liñas de axuda tramitadas a través deste procedemento un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto e un cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>, como se establece nos artigos 1º e 7º do capítulo I destas bases, seguirase a tramitación establecida nos ditos artigos 1º e 7º do capítulo I, logo de comunicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 2º.-Instrución do procedemento.

2.1. Unha vez completas as solicitudes, os proxectos serán estudados polos servizos técnicos do Igape. No caso que as bases reguladoras establezan como requisito de subvencionabilidade do proxecto de investimento a confirmación por escrito do Igape de que, suxeito ao resultado final derivado dunha verificación detallada, o proxecto cumpre as condicións de subvencionabilidade establecidas nestas bases, os servizos técnicos realizarán esta análise e comunicación, previamente á baremación do proxecto. O Igape poderá pedirlle ao interesado calquera aclaración ou documentación complementaria que considere necesaria para unha adecuada avaliación do proxecto.

2.2. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, poñeráse de manifesto aos interesados, para que no prazo de 10 días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

2.3. Unha vez avaliado o expediente, a proposta de resolución será elevada aos seguintes órganos que, en cada caso, resolverán por delegación do Consello de Dirección:

a) O director xeral, no caso de propostas de resolución por importe de ata 500.000 € de subvención.

b) O presidente, no caso de propostas de resolución por importe superior a 500.000 € de subvención.

2.4. A concesión de subvencións por importe superior a 3.000.000 de euros requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

2.5. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución do expediente será de seis meses contados desde a data de presentación da solicitude de axuda no Igape. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditado resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

Artigo 3º.-Solicitude de cobramento.

O cobramento da subvención realizarase mediante a presentación no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, da solicitude de cobramento normalizada, anexo VII das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, e da documentación en orixinal ou copia cotexada que para tal efecto se especifique na resolución de concesión. Agás para o programa emprendedores non se admite a presentación telemática da solicitude de cobramento.

Artigo 4º

O resto do procedemento seguirá a tramitación prevista nos artigos 3º ao 14º do capítulo I destas bases, salvo no que respecta na publicación das resolucións que será, en todo caso, substituída pola notificación individual ao interesado.

ANEXO A

DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS

Don/Dona con DNI nº , en nome e representación da entidade con NIF/CIF nº .

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

-Que, para a actuación denominada esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
CONCEDIDAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SOLICITADAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

-Que esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE €
AXUDAS EN MINIMIS DOS TRES EJERCICIOS ANTERIORES	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis*, así como cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

-Para os efectos do previsto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), xeral de exención por categorías, o solicitante declara que:

- Non foi condenado por sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Non solicitou a declaración de concurso, non foi declarado insolvente ou en concurso nin está suxeito a intervención xudicial nin inhabilitado conforme á Lei concursal.
- Non deu lugar, por causa de que o declarasen culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- A persoa física, os administradores ou o representante legal, segundo o caso, do solicitante, non están incurso en ningunha das causas de incompatibilidade establecidas na normativa vixente.
- Atópase ao día nas súas obrigas fiscais, no pagamento de cotas á Seguridade Social e non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega.
- Non ten residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Está ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvención.
- Non foi sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei de subvencións de Galicia ou a Lei xeral tributaria.
- No caso de asociación, non está incurso nas causas de prohibición previstas nos números 5º e 6º do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin lle foi suspendido o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal segundo o artigo 30.4º da citada lei.
- Non está suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión da Unión Europea, que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____
(Sinatura e selo da entidade)